



# Ámbito de comunicación

Educación a distancia semipresencial

## Módulo 3

Unidade didáctica 9

Comunicación oral

# Índice

---

<b>1.</b>	<b>Introdución.....</b>	<b>3</b>
1.1	Descrición da unidade didáctica.....	3
1.2	Coñecementos previos.....	3
1.3	Suxestións para a motivación e o estudo.....	4
1.4	Orientacións para a programación temporal .....	4
<b>2.</b>	<b>Secuencia de contidos e actividades .....</b>	<b>6</b>
2.1	La exposición oral .....	6
2.1.1	El guion: ideas principales y secundarias .....	6
2.1.2	Uso de las TIC en las exposiciones orales .....	9
2.2	El debate .....	11
2.2.1	Técnicas y estrategias del debate.....	12
2.2.2	El lenguaje formal y la cortesía verbal .....	15
2.3	Historia da lingua galega .....	20
2.3.1	Orixe e formación do galego .....	20
2.3.2	Historia social do galego até 1916 .....	25
2.3.3	O portugués e os países da lusofonía.....	30
2.4	Sociolingüística do galego.....	33
2.4.1	Variedades xeográficas da lingua galega e o galego estándar.....	33
2.4.2	Prexuízos asociados á lingua galega.....	38
<b>3.</b>	<b>Resumo de contidos .....</b>	<b>44</b>
<b>4.</b>	<b>Actividades complementarias.....</b>	<b>46</b>
<b>5.</b>	<b>Solucionario.....</b>	<b>50</b>
5.1	Solucións das actividades propostas .....	50
5.2	Solucións das actividades complementarias.....	60
<b>6.</b>	<b>Bibliografía e recursos .....</b>	<b>63</b>
<b>7.</b>	<b>Anexo. Licenza de recursos .....</b>	<b>64</b>

# 1. **Introdución**

---

## 1.1 **Descrición da unidade didáctica**

Esta primeira unidade do módulo 3 está dedicada, como as dos módulos precedentes, ás técnicas de comunicación oral e aos temas de historia e sociolingüística da lingua galega.

- Os seus dous primeiros bloques explican as características formais das exposicións orais e os debates, suxiren as mellores estratexias que se deben seguir na súa preparación e realización e tamén ofrecen recomendacións para a súa posta en práctica; en especial, con respecto á utilización das TIC (Tecnoloxías da Información e a Comunicación) como ferramentas de apoio para o desenvolvemento destas tarefas.
- O terceiro bloque está dedicado á explicación das fases iniciais de formación das linguas romances e, en particular, da lingua galega. Aborda a orixe común do galego e o portugués e a relación actual que se establece entre todos os falantes desa lingua común inicial. Complétase cun percorrido pola evolución histórica e os avatares da lingua galega dende a Idade Media ata os inicios do século XX.
- O cuarto bloque describe as variedades xeográficas do idioma galego actual, do cal apuntamos os trazos máis salientables de cada zona. Tamén explica a necesidade dunha variante normativa de lingua que sirva como referente. E remata cun apartado que reflexiona sobre os pensamentos erróneos que se soen asociar ao uso da lingua galega.

Os dous primeiros bloques están redactados en castelán e os dous seguintes en galego. Cada apartado vai acompañado de exercicios na mesma lingua. Ao final da unidade ofrécese unha serie de actividades complementarias propostas na mesma orde dos contidos da unidade, primeiro en galego e logo en castelán.

## 1.2 **Coñecementos previos**

Parte dos contidos que figuran nesta unidade xa foron abordados de maneira introdutoria nas unidades 1 e 5 dos módulos 1 e 2, respectivamente, polo que sería conveniente utilizar ese material como referencia. Nesta unidade daranse por sabidos certos conceptos desenvolvidos nesas unidades anteriores, por iso sería moi recomendable facer unha lectura delas para lembrar contidos.

### 1.3 Suxestións para a motivación e o estudo

Os contidos desta unidade son eminentemente prácticos no caso dos dous primeiros bloques, polo que se recomenda a realización dos exercicios propostos e complementarios. En canto aos outros dous bloques, con contidos máis teóricos, ademais da realización dos exercicios, aconsellamos facer esquemas, resumos, diagramas ou mapas conceptuais que axuden ao estudo dos contidos propostos.

### 1.4 Orientacións para a programación temporal

Este apartado ofrece unha recomendación para a organización do tempo de estudo que cómpre dedicar a cada unidade didáctica do módulo. O número da unidade resaltado en **letra grosa** será o que se corresponde coa unidade didáctica que está vostede a ler.

#### Unidade 9. Comunicación oral

O tempo que se lle debería dedicar á preparación desta unidade sería de tres semanas.

Unha primeira centraríase na realización das actividades dos bloques 2.1. e 2.2. e na posta en práctica dalgunha exposición oral e dalgún debate. Unha segunda semana estaría dedicada ao estudo dos contidos teóricos do bloque 2.3. e ao cumprimento dos exercicios propostos. A terceira semana completaríaase coa elaboración dos exercicios do bloque 2.4. xa que está composto duns apartados con contidos fundamentalmente prácticos e de reflexión persoal.

#### Unidade 10. Gramática da lingua

Nesta unidade imos abordar contidos dos que xa nos ocupamos nos módulos anteriores coa finalidade de revisalos pero tamén de afondar neles. Ocuparémonos da puntuación, acentuación, morfoloxía e semántica. Dedicaremos a esta unidade catro semanas.

A primeira semana estaría destinada a desenvolver o apartado 2.1.; na segunda e terceira ocuparase do apartado 2.2; na cuarta, do apartado 2.3. Recomendamos que dedique un mínimo de seis horas semanais ao traballo con esta unidade..

## Unidade 11. Comunicación escrita

Nesta unidade imos abordar contidos dos que xa nos ocupamos nos módulos anteriores coa finalidade de repasar, afondar, nuns casos, e noutros de introducir nestes temas ao alumnado que se incorporará neste momento ao ensino de adultos. Dedicaremos a esta unidade catro semanas.

A primeira e a segunda semana estarían destinadas a desenvolver o apartado 2.1.; na terceira ocupárase do apartado 2.2 e 2.3 na cuarta, do apartado 2.4. Recomendamos que lle dedique un mínimo de tres horas semanais a traballar esta unidade.

## Unidade 12. Educación literaria

Debido á extensión dos contidos desenvolvidos na unidade, será preciso dedicarlle á explicación e organización destes un total de catro semanas. Así mesmo, na casa, deberá dedicarlle varias sesións máis ao estudo dos diferentes períodos e autores.

As dúas primeiras semanas dedicaranse á organización dos textos e autores da literatura galega dende as súas orixes ata finais do século XIX. Nas dúas semanas restantes farase outro tanto coa literatura en lingua castelá.

## 2. Secuencia de contidos e actividades

---

### 2.1 La exposición oral

La exposición oral es una forma de expresión mediante la cual comunicamos en directo ante un auditorio nuestros conocimientos sobre cualquier tema de una forma clara y ordenada. Las más comunes en el ámbito académico son la explicación de una lección en el aula, la presentación de trabajos por parte del alumnado, o la conferencia de una persona especialista en un tema determinado.

En función de la intención del conferenciante pueden distinguirse dos modalidades:

- Exposición **divulgativa**: dirigida a un público amplio con la intención de transmitirle información sobre un tema de interés general o de carácter humanístico o científico, sin que la audiencia tenga por qué conocerlo de antemano.
- Exposición **especializada**: dirigida a un público más reducido, ya que se le presupone conocedor del tema sobre el que versa la exposición. Suele tratarse de una exposición más exhaustiva y específica en cuanto a su contenido.

Una exposición oral no se improvisa. Para tener éxito debemos preparar minuciosamente el contenido de la exposición, así como los recursos y materiales de apoyo y la forma de expresión. Previamente es necesario:

- Establecer el tema que vamos a tratar.
- Documentarnos sobre ese tema.
- Planificar las ideas que desarrollaremos.
- Esquematizar el orden en que vamos a exponer esas ideas.
- Organizar los recursos y materiales de apoyo que vamos a emplear (presentación, pizarra, diapositivas, carteles, documentos, etc.)
- Decidir el tono, formal o informal, que adoptaremos durante la exposición.

#### 2.1.1 El guion: ideas principales y secundarias

Cualquier tipo de exposición oral se estructura en tres partes fundamentales:

- **Introducción**: inicio de la exposición en la que se realiza una presentación del tema que se va a desarrollar. Debemos prestar una gran atención a la introducción ya que nos va a permitir captar la atención del público desde el principio.

- **Desarrollo:** es la parte central y más extensa de la exposición, ya que en ella se van formulando las ideas recogidas en el guion, reforzándolas con la aportación de datos o de ejemplos que faciliten su comprensión.
- **Conclusión:** final de la exposición que debe recoger las ideas esenciales a modo de resumen y servir de colofón a la exposición. Tiene mucha importancia porque las últimas palabras son las que quedarán más grabadas en la memoria del auditorio.

Una de las tareas clave de la fase de preparación es la elaboración de un guion. El guion es un esquema que recoge los puntos esenciales que se van a exponer y nos permite presentar las ideas según un orden prefijado, a la vez de que reduce las posibilidades de que olvidemos algunas cuestiones importantes o de que nos quedemos en blanco.

Un buen guion debe cumplir los siguientes requisitos:

- Tiene que ser abierto, es decir, debe permitir la inclusión de nuevas ideas.
- Debe contener todos aquellos datos (fechas, nombres, citas) que se puedan reproducir de forma literal.

Al redactar el guion de la exposición oral debemos tener en cuenta estos tres aspectos:

### Organización de las ideas

El guion es un texto esquemático que presenta las ideas de la exposición organizadas jerárquicamente y expresadas de forma concisa. Solo de este modo podremos acceder rápidamente a la información que estamos buscando.

- Las **ideas principales** son ideas que expresan una información básica para el desarrollo del tema. Exponen el contenido más importante, por lo que no pueden ser suprimidas. Poseen autonomía aunque vayan relacionadas, creando un discurso más complejo. Han de relacionarse entre sí por medio de los conectores apropiados. Se apoyan en las **ideas secundarias**, que las completan.
- Las **ideas secundarias** carecen de autonomía, puesto que dependen de ideas principales a las que amplían, ejemplifican o demuestran. Expresan, por lo tanto, aspectos derivados del tema principal.

## Planteamiento del guion

El tema sobre el que versa la exposición va a determinar su planteamiento. Una exposición con un tema complejo puede precisar de la combinación simultánea de algunos de ellos:

- El planteamiento **descriptivo** es aquel que explica las partes que componen algo siguiendo una secuencia analítica. Por ejemplo, una explicación sobre la estructura de la célula animal.
- El planteamiento **narrativo** es el que sigue una secuencia cronológica, ordenando los puntos referentes al tema según un orden temporal. Se utiliza en la explicación de procesos históricos como, por ejemplo, los intentos de exploración de los polos.
- El planteamiento **expositivo** es el que enfoca el tema organizando la información en apartados y subapartados con el propósito de hacerla comprensible a otras personas. Un ejemplo sería una charla sobre la influencia de las redes sociales en las relaciones humanas.
- El planteamiento **argumentativo** trabaja sobre razonamientos e introduce ideas o puntos de vista personales, que se deben justificar mediante argumentos, como por ejemplo, una conferencia sobre la erradicación del maltrato animal.

## Estructura del guion

El guion ha de ofrecer una estructura clara para que al público le resulte evidente el hilo argumental de la persona oradora. Cada uno de los cuatro tipos de planteamientos explicados antes se puede estructurar argumentalmente de tres maneras diferentes:

- Estructura **lineal**: la información avanzará en orden espacial o temporal sin alteraciones. Encaja muy bien en presentaciones descriptivas o narrativas.
- Estructura **categorial**: la información se organiza jerárquicamente partiendo de ideas generales a ideas particulares o viceversa, y ordenando las ideas principales y secundarias coherentemente. Suele encajar con las presentaciones expositivas.
- Estructura **opositiva** o de **contraste**: la información se ofrece desde dos puntos de vista contrarios que se van contrastando a lo largo de la exposición. Es la que mejor se adapta a las presentaciones argumentativas.



## 2.1.2 Uso de las TIC en las exposiciones orales

El contenido de una exposición oral puede resultar más atractivo y comprensible para la audiencia si secundamos nuestras palabras con elementos visuales que nos facilitan las nuevas tecnologías. Debemos calibrar muy bien su protagonismo para que estos elementos no sofoquen nuestra explicación. Su función es de refuerzo, nunca de sustitución.

### Vídeos y presentación de imágenes

Resultan muy útiles para apoyar exposiciones en las que se describen objetos o lugares, en las que se explican procesos históricos, o en las que ilustra cómo seguir un procedimiento. Como por ejemplo, en una exposición sobre la estructura de la célula, sería apropiado proyectar un dibujo que muestre sus partes, que se pueden ir señalando durante la explicación. Asimismo, un vídeo breve que muestre el avance de los territorios conquistados por el Imperio romano puede ser eficaz para completar visualmente la exposición oral de los acontecimientos. Una secuencia de fotografías acompañaría perfectamente la explicación de los pasos que debemos seguir para realizar una receta de cocina.

### Presentaciones de texto (Powerpoint)

Son prácticas para exposiciones que presentan ideas complejas relacionadas con datos estadísticos, gráficos o mapas conceptuales. En su preparación se debe tener presente:

- Un contraste adecuado entre el fondo y los elementos textuales o visuales.
- Un tamaño y tipo de letra adecuados para el texto.
- Debe evitarse un exceso de texto o un número abundante de elementos visuales.
- Deben evitarse colores, diseños y elementos de adorno que distraigan la atención.
- Los elementos visuales deben tener una buena resolución, evitando abreviaturas o escalas numéricas y leyendas difíciles de interpretar.
- No son aconsejables los efectos visuales o sonoros de transición entre diapositivas.
- La presentación ha de progresar de manera fluida en paralelo a la exposición, por lo que se deben evitar saltos de unas partes a otras de la presentación.

## Actividades propuestas

S1. Lea el siguiente fragmento de este reportaje y conteste a las preguntas.

### El deshielo se acelera

Según la información recibida por satélite, el deshielo en Groenlandia ha aumentado en 250%. De acuerdo con el análisis publicado en la revista *Nature*, la placa de hielo de Groenlandia (Dinamarca), se está disolviendo en el mar mucho más rápido de como sucedía anteriormente.

#### Un 250% de deshielo más en los últimos dos años

Los datos obtenidos no parecen cuestionables. De hecho, el descubrimiento confirma el análisis realizado por la revista *Science*. "Un porcentaje de 250% es mucho", comentó Isabella Velicogna, coautora del estudio y científica de Jet Propulsion Laboratory de la NASA. "Hablamos de una pérdida de masa dos veces y media superior. [...]"

Según los informes científicos, el hielo de la isla se disuelve a una velocidad de 248 kilómetros cúbicos por año, suficiente como para subir los niveles oceánicos 0,5 milímetros al año. Si todo el hielo de Groenlandia se derritiera y se desplazara hacia el Atlántico Norte, el nivel de los océanos aumentaría siete metros, ocasionando un devastador efecto muy superior al de los *tsunamis*.

#### Calentamiento global y deshielo

Actualmente, los satélites pueden medir los cambios en la masa de Groenlandia para determinar a qué velocidad está ocurriendo el deshielo, aunque no pueden explicar sus causas. La aceleración coincide con el calentamiento global del planeta y con las observaciones independientes de la pérdida de hielo en la isla [...] Incluso si la temperatura descendiera repentinamente en Groenlandia, la descarga continuaría por varios años.

Velicogna agregó que si la pérdida de masa está asociada con el calentamiento global, y las temperaturas siguen en aumento, el deshielo acelerado podría suceder también en el norte de Groenlandia. "No estamos seguros, pero podría pasar, por ello tendremos que estar alerta".

John Roach, *National Geographic* (adaptación)

<http://www.ngenespanol.com/fotografia/lo-mas/11/11/25/deshielo-se-acelera/>

- Señale las partes principales del texto: introducción, desarrollo y conclusión.
- Realice un esquema que organice las ideas principales y secundarias del texto.
- Enuncie el tema del texto en una frase breve.
- Justifique qué tipo de planteamiento presenta este texto.
- ¿Según qué tipo de estructura se desarrolla la información de este texto?
- Explique si se trata de un texto divulgativo o especializado.

S2. Explique qué tipo de planteamiento sería adecuado para cada una de estas exposiciones orales y qué estructura encajaría mejor con su contenido. Justifique sus respuestas.

- Evolución de los espacios de representación teatral a lo largo de la historia.
- Influencia de las nuevas tecnologías en las relaciones familiares y sociales.
- Ventajas e inconvenientes de las dietas vegetarianas y veganas.
- Clasificación y tipología de palancas y poleas.

- S3. Explique qué tipo de apoyos visuales podrían utilizarse para reforzar las exposiciones orales del ejercicio anterior, especificando qué elementos (textos, diagramas, imágenes, videos, etc.) introduciría en ellos.
- S4. Redacte un guion bien estructurado de las ideas principales y secundarias sobre alguno de los temas propuestos en el ejercicio 3 para una exposición oral que no supere los diez minutos de duración. Luego ensáyela y realícela en el aula.

## 2.2 El debate

El **debate** es una técnica de discusión en la que se expone un tema problemático que induce a la controversia y al contraste de puntos de vista acerca de algún asunto polémico. En el debate, dos personas o equipos discuten sobre un tema y defienden posturas contrapuestas de manera razonada mediante argumentos. En otro tipo de diálogos en común, como la **mesa redonda** o el **coloquio**, los participantes suelen estar de acuerdo en casi todos los aspectos fundamentales del tema abordado y lo que hacen es compartir sus reflexiones o impresiones sobre el mismo.

### Integrantes de un debate

- **Moderador/a:** es la persona que se encarga de establecer el orden de participación y de adjudicar los turnos de palabra de cada debatiente. Ha de mostrar imparcialidad respecto a las posturas defendidas por cada debatiente y equidad en el reparto de los tiempos. Otra de sus funciones esenciales es reconducir la discusión cuando esta haya derivado hacia temas secundarios que ya no sean de interés para el debate en curso.
- **Debatientes:** son aquellos que defienden determinada postura ante un tema concreto mediante la argumentación. Deben preparar previamente sus intervenciones investigando a fondo el tópico de discusión y escuchar atenta y respetuosamente a su contrincante para rebatir sus razonamientos.
- **Jurado:** es una figura opcional. Suele utilizarse en los debates planteados como competición, ya sea individual o por equipos, para que evalúe de manera ecuánime cuál de ambas partes ha resultado más convincente. Su valoración ha de ser objetiva y debe basarse en la competencia discursiva de los participantes. Nunca debe juzgar cuál de las posturas le parece más adecuada.
- **Secretario/a:** es también una figura opcional y su función radica en tomar nota de los argumentos fundamentales expresados durante el debate para elaborar un documento final que recoja las ideas principales esgrimidas por los participantes.

## Estructura del debate

- **Introducción:** la persona que realice el papel de moderador o alguien experto en la materia sobre la que se debate presentará el tema de manera general, sin posicionarse en ninguna dirección para informar al público presente.
- **Fase de discusión:** cada participante expone su postura en un primer turno de palabra. A este le suceden otros tantos, habitualmente consensuados con la persona moderadora. El debate se cierra con un alegato final o conclusión por parte de cada debatiente.
- **Turno de preguntas:** es una fase que presentan únicamente aquellos debates en los que se permite la intervención del público. En ese caso, la persona moderadora da la palabra a quienes deseen plantear cuestiones a los participantes sobre las ideas que han expuesto previamente para que estos las respondan.
- **Veredicto del jurado:** en el caso de debates con jurado, este presenta su evaluación sobre cada participante y manifiesta su resolución acerca de quién ha vencido la contienda dialéctica.

### 2.2.1 Técnicas y estrategias del debate

#### Preparación del debate

Participar en un debate implica ser capaces de elaborar argumentos que defiendan nuestra postura ante un tema determinado, por ello es imprescindible un trabajo previo de:

- **Estudio del tema:** nadie puede debatir sobre algo si antes no se ha informado lo más exhaustivamente posible sobre ello. Cuanto más profundo sea nuestro conocimiento sobre el tema del debate, más fácil resultará defender nuestras ideas al respecto.
- **Preparación de argumentos:** el enfrentamiento dialéctico se sustenta en argumentos, es decir, en razonamientos que se emplean para demostrar una afirmación y convencer de su veracidad a quien escucha. Cualquier participante en un debate debe planificar qué argumentos va a utilizar durante el debate y en qué orden ha previsto exponerlos.
- **Elaboración de tarjetas:** es importante sentir confianza cuando se habla en público, por ello es muy útil la utilización de tarjetas en las que podemos llevar anotadas las ideas principales y los datos que vamos a aportar para defender nuestros razonamientos en cada momento. En ningún caso debemos leerlas directamente, sino que deben servirnos de apoyo y consulta a la hora de desarrollar nuestras argumentaciones.

- **Elaboración de introducción y conclusión:** es muy conveniente llevar preparadas la introducción que contextualice el tema y presente nuestra postura, así como la conclusión que recopile los argumentos que han sido expuestos antes. Si es posible, podremos realzar nuestra exposición con alguna anécdota que pueda hacer que el público conecte emocionalmente con nuestros argumentos y se posicione más fácilmente a nuestro favor.

## Estrategias del debate

### Tipos de argumentos

A lo largo de un debate se utilizan dos tipos fundamentales de argumentos:

- **Pruebas:** son los argumentos que demuestran nuestras afirmaciones.
- **Objeciones:** son aquellos que intentan desmontar la argumentación del contrario demostrando sus errores o falsedades.

En función de su planteamiento, los tipos de argumentos más usuales en los debates son:

- **Sintomáticos:** la afirmación se sustenta en indicios, signos o síntomas que demuestran su autenticidad. Es el tipo de argumentos que se defienden esgrimiendo datos objetivos como estadísticas, resultados de experimentos, etc. Por ejemplo: *"Las mediciones meteorológicas de las últimas décadas demuestran la existencia de un incremento en la temperatura global del planeta, lo que nos permite afirmar que estamos vivimos un cambio climático"*.
- **Causales:** la afirmación se infiere de una relación entre causas y consecuencias, o viceversa. Se basan en una interpretación de la realidad en la que todos admitimos que los sucesos pueden ocurrir por azar, pero la mayoría de ellos tienen un origen demostrable. Por ejemplo: *"El aumento de temperatura global del planeta está provocando el deshielo progresivo de los casquetes polares"*.
- **Analógicos:** la afirmación se sostiene en la comparación con situaciones semejantes a aquella que es objeto de debate. Son argumentos que suelen utilizar ejemplos previamente constatados e indiscutibles. Por ejemplo: *"Del mismo modo que los primeros homínidos no fueron conscientes de estar soportando la cuarta glaciación, nosotros, pese a los datos que la ciencia nos ofrece, podemos no percibir en nuestro día a día que vivimos un proceso de cambio climático en el planeta"*.

- **De autoridad:** la afirmación se refuerza con la cita de alguna persona considerada experta en la materia o los datos ofrecidos por algún organismo competente. Por ejemplo: "*Un informe publicado por el Hadley Center británico en 2008 mostraba que el planeta se había calentado unos 0,2 grados al año entre 1998 y 2008*".

### La refutación

La **refutación** es el proceso por el cual buscamos desacreditar los argumentos de nuestros oponentes. En la refutación ofrecemos objeciones a los argumentos del contrario. Para realizar refutaciones productivas es muy importante escuchar atentamente al orador que expone sus argumentos ante nosotros. Para responder a un argumento y desmontarlo, debemos haberlo comprendido muy bien para poder parafrasearlo y rebatirlo correctamente.

Es muy importante que todos nuestros argumentos estén bien fundamentados en datos o hechos reales y sean capaces de persuadir al público e, incluso, al oponente. Cuando un argumento no puede ser soportado con la suficiente información veraz o su exposición razonada ha quedado inconclusa es considerado una **falacia**.

No es nada recomendable utilizar falacias intencionalmente para persuadir o manipular a los demás. Aquellas que se formulan sin intención debido a descuidos o ignorancia deben ser evitadas, ya que son los puntos débiles de cualquier participante y sobre ellas actuará su contrincante para refutarlas. En ocasiones las falacias de nuestros oponentes pueden ser muy sutiles y persuasivas, por lo que se debe poner mucha atención para detectarlas.

### Normas básicas del debate

Para un desarrollo correcto de un debate, todos los participantes han de respetar una serie de normas básicas de educación y respeto que se pueden resumir en estos puntos:

- Respetar el tiempo asignado por el/la moderador/a.
- Respetar siempre los turnos de palabra preestablecidos.
- Permitir la intervención del oponente sin interrupciones.
- Escuchar atentamente las intervenciones del oponente.
- Ser tolerante con las diferencias de opinión.
- Evitar en todo momento valoraciones ofensivas sobre el oponente.

- Evitar gestos o expresiones que desvaloricen las intervenciones ajenas.
- Argumentar las propias ideas con seriedad y objetividad.
- Utilizar un registro lingüístico apropiado al contexto en el que se realiza el debate.

El siguiente apartado desarrolla este último aspecto más pormenorizadamente.

### 2.2.2 El lenguaje formal y la cortesía verbal

Cada persona maneja su forma de expresarse dependiendo del contexto comunicativo en el que se encuentre. Por ejemplo, en conversaciones con amigos, empleamos expresiones que no se utilizan al hablar con un dependiente en una tienda o con una doctora en su consulta. Los factores que determinan en el **registro de habla** que debemos utilizar en cada situación son:

- El lugar donde ocurre el acto comunicativo.
- La finalidad del acto comunicativo.
- El tema del que se habla.
- La relación que existe entre los interlocutores.

Las intervenciones en público - ya sean exposiciones orales, discursos, debates, coloquios, etc.- se producen habitualmente en ámbitos de formalidad: un aula, una biblioteca, un salón de actos, un auditorio, así que exigen un **registro formal**, que se caracteriza por:

- Una pronunciación lo más correcta posible.
- Un vocabulario variado y adecuado al tema.
- Oraciones y frases elaboradas que estén bien construidas.
- Información bien estructurada y presentada en un orden lógico.
- El registro formal evita características del habla coloquial como:
  - La repetición innecesaria o enfática de palabras.
  - Las redundancias, es decir, la insistencia inadecuada de ideas.
  - Las elipsis u omisiones, ya que las frases deben estar completas.
  - Las muletillas, los vulgarismos o los modismos, propios del lenguaje familiar.

## La cortesía verbal

La **cortesía verbal** puede definirse como el conjunto de habilidades lingüísticas que están al servicio de las relaciones sociales. Su finalidad última es la cooperación entre los hablantes, así que para conseguirla se establece un comportamiento regulado de la conversación que evita conflictos y facilita una relación de cordialidad. Es un tipo de contrato comunicativo que vincula a los hablantes y que se expresa lingüísticamente a través de los siguientes rasgos:

- El empleo de fórmulas de cortesía como: **por favor, gracias, perdón, disculpe**.
- El empleo de los pronombres de segunda persona de cortesía **usted y ustedes** (**vostede, vustedes** en galego) que concuerdan con verbos expresados en 3º persona y pronombres personales en 3º persona. Por ejemplo: *Discúlpeme, ¿quiere usted que la ayude?*
- El empleo de expresiones interrogativas en lugar de imperativas para expresar deseos o peticiones. Los verbos se expresan en pretérito imperfecto o en condicional simple (**querría/quería, podría/podía**). Por ejemplo: *Por favor, ¿podría usted ayudarme?*
- La ausencia de rasgos propios de la lengua coloquial como las palabras malsonantes, las muletillas, las exclamaciones o las interjecciones.

## Actividades propuestas

S5. Lea este texto y conteste a las preguntas.

Solamente el 30% de los españoles practican ejercicio con cierta regularidad. Como consecuencia de esto la obesidad en nuestro país se ha disparado de forma alarmante, generando un problema estético - ya que estar delgado está de moda - y de salud.

Durante los casi quince años que llevo trabajando como entrenador personal la razón o excusa principal que he oído que da la gente que no hace ningún tipo de ejercicio es la falta de tiempo. "Si salgo de trabajar a las 8 de la tarde..." o "bastante ejercicio hago ya levantando a mis hijos todos los días...", argumentan.

Sin embargo, cuando investigamos un poco y vamos al fondo de la cuestión resulta que ¡claro que tienes tiempo!

El problema es más una cuestión de falta de motivación que de tiempo. Muchas veces nos da pereza, no nos gusta, o ni siquiera sabemos por dónde empezar, pero todos sabemos que cuando algo te gusta realmente siempre sacas tiempo de donde puedes, como cuando te enamoras.

Se me viene a la cabeza una frase de Nietzsche que leí el otro día y que decía "el que tiene un porqué suficientemente fuerte puede encontrar casi cualquier cómo".

Fernando Sartorius, Revista *Marca*

- a) Enuncie el tema principal de este texto argumentativo.
- b) Explique qué párrafo presenta un argumento en forma de prueba.



- c) Explique qué párrafo presenta un argumento en forma de objeción.
- d) Señale en el texto la presencia de algunos de los diferentes tipos de argumentos: sintomático, causal, analógico y de autoridad.
- e) Redacte al menos tres argumentos más que puedan utilizarse en un debate a favor de la práctica habitual de ejercicio físico.

S6. Mire el fragmento de un programa de debate de RTVE que aparece en este enlace: <http://rtve.es/v/1015543> y conteste las siguientes preguntas:

- a) ¿Qué papel desempeña la primera persona que interviene en este fragmento?
- b) ¿Qué idea defiende la periodista que interviene en primer lugar?
- c) ¿Qué le rebate el periodista del otro lado del plató? ¿Qué nueva idea introduce?
- d) ¿Qué nueva cuestión plantea la moderadora hacia el final de este fragmento?
- e) Resuma en una oración la respuesta que le da el contertulio.
- f) Analice si los participantes respetan los turnos de palabra.
- g) Analice qué registro de lengua están utilizando los participantes en el debate.
- h) Justifique si utilizan normas de cortesía verbal. ¿Por qué cree que sucede esto?

S7. Reflexione sobre las opiniones expresadas en el debate que figura en este enlace <http://rtve.es/v/2855421> y responda a las preguntas:

- a) ¿Cómo introduce la presentadora el tema del debate?
- b) Resuma las opiniones iniciales de cada participante en el debate.
- c) ¿En qué consiste la "escucha significativa" según Amparo Tomé? ¿Cree que es importante practicarla cuando se participa en un debate?
- d) ¿Podemos clasificar este programa como un debate en sentido estricto?
- e) Redacte una lista de argumentos propios sobre el tema tratado en este programa que contenga un ejemplo de cada tipo: sintomático, causal, analógico y de autoridad.

- S8. Las nuevas tecnologías permiten que hoy en día las personas interesadas en un tema determinado puedan intercambiar información útil y opiniones personales en los foros digitales de periódicos y páginas web de divulgación cultural, científica y técnica. Este texto reproduce un debate en un foro de opinión del *Diario Vasco*. Lea atentamente las intervenciones de los participantes y responda las preguntas:

**Autor: Uriel. Ene 03, 2017 3:34 p.m.**

En varias ocasiones he leído y oído que en España se tira tanta comida como para alimentar a otro tanto de españoles.

Hace unos días en una reunión de familiares y amigos surgió este tema y cada quien propuso soluciones, tales como producir solo lo que haga falta, regalar los excedentes a países donde mucha gente pasa hambre, crear organismos que recojan esa comida que se tira y darla a comedores para muchos que aquí mismo no les alcanza su dinero para comer y otras más.

**Autor: Salmon Ene 04, 2017 6:01 p.m.**

Siento decirte que tienes una visión muy corta del problema, **Uriel**.

Por un tiempo fui manager de un restaurante de comida rápida y el manejo de la comida no es tan sencillo como parece. Hay que mantener ciertas temperaturas y evitar ciertos contactos indebidos. Los huevos y el pollo pueden conllevar salmonela. El manejo se ha de hacer con una higiene total. Conclusión, que para recoger la comida de las casas y restaurantes donde ha sobrado; mantener las temperaturas; tener los empleados necesarios para la tarea; empaquetarlos y refrigerarlos debidamente; transportarlos a las naciones con necesidad en las condiciones adecuadas sin causar ninguna enfermedad por el indebido proceso, es algo que sale más caro que regalarles comida fresca.

**Autor: Uriel. Ene 04, 2017 8:06 p.m.**

Tienes razón en lo que se refiere a muchos alimentos, pero hay millones de kilos de frutas, verduras y otros productos que se tiran aun antes de llegar a los centros de venta solo por el hecho que no tienen el color, el tamaño o forma que prefiere el consumidor. Se tiran toneladas de pan y bollería que no tienen ningún peligro de transmitir ninguna enfermedad. Sin hablar de la cantidad de productos cuya fecha de venta, no de consumo, está próxima a caducar y van a la basura y así una larga lista.

**Autor: Salmon. Ene 05, 2017 4:14 a.m.**

Me has dicho que has sido o eres negociante de algún tipo y te imaginarás (por lo menos yo lo hago) que **nadie** tira los recursos por tirar. Muchas veces se calcula mal por una razón u otra. Negociantes tontos conozco muy, muy pocos. Seguro que mirando de más cerca, hay algo que no se ha pensado.

Te voy a poner una analogía. He sido jugador de pelota y he vivido de la apuesta de los demás. La gran mayoría pensaban que yo hacía tongo cuando dejaba caer una pelota fácil. Y me pedían explicaciones.

Oye, para hacer tongo, no soy tan idiota como para dejar caer la pelota fácil. Lo único que tengo que hacer es descolocarme un poco, y seguir a la pelota como loco cuando es imposible de llegar. Y ¿quién se da cuenta entonces? Porque anticipar es de lo más importante que hay en el deporte. Y en los negocios. Pero el que no sabe, y le salen los cálculos mal, piensa mal.

<http://foros.diariovasco.com> (adaptación)

- ¿Cuál es el tópico de discusión de este foro?
- ¿Cuántos participantes intervienen y cómo se los reconoce?
- Resuma la opinión expresada por cada uno de ellos en menos de dos líneas.
- Señale en el texto la presencia de algunos de los diferentes tipos de argumentos: sintomático, causal, analógico y de autoridad.

- e) Ponga un ejemplo de refutación presente en este debate.
- f) ¿Qué elementos diferencian este tipo de debate del debate presencial oral?
- g) ¿Se aprecian en los textos rasgos de cortesía verbal? Señale algún ejemplo.
- h) Redacte un texto de un tamaño aproximado al que aparece en el ejercicio con el que intervendría en este foro de debate a continuación de estos participantes.

## 2.3 Historia da lingua galega

### 2.3.1 Orixe e formación do galego

A lingua galega é o resultado da evolución no noroeste da Península Ibérica do latín que foi traído polos romanos nos séculos II e I a. C. Non se trataba do latín culto utilizado na literatura, senón do **latín vulgar** falado polos lexionarios, os funcionarios, os comerciantes e os colonos, a poboación que serviu de axente da romanización no noso territorio. Esta área adquiriu o status de provincia romana co nome de **Gallaecia** durante o reinado do emperador Diocleciano (284-305), e abranguíu, ademais de Galicia, todo o norte de Portugal até o río Douro e as provincias de Asturias, León e Zamora.



#### As linguas de substrato

Antes da chegada dos romanos, habitaban este territorio pobos de orixe indoeuropea, entre eles, os celtas, que se organizaban en tribos e habitaban en castros ou citanias durante a etapa denominada como **cultura castrexa**. Vivían da agricultura, a pesca e a gandería, e descoñecían a moeda e a escritura. Ao falaren linguas ágrafas, calquera testemuño destas linguas perdeuse por completo durante o proceso de **romanización**. A romanización supuxo a asimilación por parte destes pobos da cultura e os costumes dos romanos, así como a substitución das súas linguas polo latín.

O **substrato prerromano** é o conxunto de trazos que deixaron as linguas autóctonas prerromanas no latín vulgar que se falaba na Gallaecia. Estes vestixios deixaron rastros na **toponimia** (nomes de lugares) e no léxico de plantas, accidentes xeográficos e palabras relacionadas coa vida cotiá e a natureza.

Velaquí uns cantos exemplos:

- **Topónimos** rematados en **-obre**, **-obe** **-abre**, **-ebre**: *Barallobre, Lestrobe, Alcabre, Deixebre, Cecebre*.
- **Léxico común** como: *amorodo, balsa, barro, berce, bidueiro, braña, burato, cabana, centola, croio, laxe, morea, rodaballo, seara, tona, toxo, tranca, veiga*.

### A lingua de estrato: o latín

As tribos castrexas caracterizáronse nun primeiro intre por unha aberta hostilidade contra os invasores romanos. Mais dende o momento en que o emperador Augusto completa a conquista definitiva de toda a Hispania no ano 29 d.C., a poboación indíxena comezou a manifestar gradualmente o seu desexo de se assimilar á cultura romana. Este lento proceso de asunción dos costumes e o modo de vida romano recibe o nome de **romanización**.

O latín adquiriu entón o status de lingua de prestixio e aparecen as primeiras inscricións latinas na Gallaecia. A partir do século III da nosa era prodúcese a definitiva imposición do latín como lingua oficial en todo o imperio. Nese momento comeza a paulatina transformación e diferenciación do modo particular de falar o latín de cada territorio pertencente á *Romania*, que derivará nas diferentes **linguas románicas**.

### O superestrato xermánico

De entre os pobos xermánicos que invadiron o Imperio romano de Occidente, foron os **suevos** os que se asentaron na antiga Gallaecia e crearon un reino con capital en Braga que durou case dous séculos (411-585). Os **visigodos**, tamén de etnia xermánica, derrotáronos e asimiláronos baixo o seu poder.

Parte dos pobos xermánicos que invadiron a Península Ibérica xa estaban bastante latinizados á súa chegada, o que facilitou a súa fusión coa poboación hispano-romance e a súa progresiva romanización. Eran, ademais, pobos guerreiros cun nivel cultural máis baixo có da poboación hispana, polo que asumiron tamén as súas linguas. Con todo, quedan no galego numerosos trazos léxicos das súas linguas orixinais, que constitúen o **superestrato xermánico**, composto por:

- **Antropónimos** (nomes de persoa): *Afonso, Blanca, Elvira, Fernando, Henrique...*
- **Topónimos** como *Suevos, Godos, A Gudiña*, e moitos outros rematados en:
  - *-ar: Baltar, Gondomar, Roupar, Tosar...*
  - *-ende: Hermisende, Marcosende...*
  - *-mil: Castromil, Samil...*
  - *-monde/-gondo: Baamonde, Abegondo...*
  - *-riz: Beariz, Guitiriz, Mondariz...*
- **Léxico común:**
  - da **vida cotiá**: *agasallo, banco, branco, escuma, xabón, roubar...*
  - da **natureza**: *grosella, laverca, lobio, manso...*
  - do **ámbito militar**: *helmo, espía, gañar, guerra...*

### O superestrato árabe

No ano 711 os árabes entran na Península Ibérica a través do estreito de Xibraltar e establecen o seu dominio en case a súa totalidade, deixando os reinos cristiáns visigóticos reclusos nas cornixas cantábrica e pirenaica.

Durante os séculos de reconquista do territorio peninsular cara ao sur por parte dos reinos cristiáns, o **galego-portugués** foi estendéndose ao longo da franxa atlántica, do mesmo xeito que ían facendo no resto da península as outras linguas romances: astur-leonés, castelán, navarro-aragonés e catalán.

A cultura árabe estaba moito máis desenvolvida en eidos técnicos e científicos, polo que as súas achegas ás linguas romances foron moi enriquecedoras e moi abundantes. Gran parte do léxico galego de procedencia árabe chegou á lingua a través doutras linguas veciñas como o portugués ou o castelán. Exemplos de **arabismos** en galego son:

- **Agricultura e gandaría**: *arroz, aceite, albeitar, cenoria, lanranxa, limón, maquia...*
- **Tecnoloxía e construción**: *alicerce, albanel, azotea, alicate, tabique, toldo...*
- **Administración e exército**: *alcalde, alférez, arsenal, atalaia, xinete...*
- **Ciencia e Matemáticas**: *álgebra, arroba, cifra, quintal, xarope...*
- **Vida cotiá**: *alfombra, almofada, coxín, regueifa, tambor...*
- **Topónimos**: *Alfoz, A Mezquita, Rábade, Sada...*

## A formación do léxico galego

As influencias das linguas de substrato e de superestrato fixeron que a fala da Gallaecia se fose diferenciando cada vez máis das falas do resto da Península Ibérica. Como resultado, conformáronse distintas variedades, con suficientes diferenzas respecto do latín como para consideralas novas linguas e, tamén, con trazos que singularizaban unhas das outras.

O léxico galego-portugués é froito da evolución fonética das palabras latinas orixinais, chamadas **étimos**, ao longo dos séculos. Non todas as palabras foron introducidas nas mesma época, así como tampouco todas sufriron o mesmo grao de evolución. En función destes parámetros clasificamos o léxico galego en:

- As **palabras patrimoniais**, que son aquelas que sufriron transformacións fonéticas dende o seu étimo en latín até o resultado do galego actual. Por exemplo: *LACTEM* > leite, *OCULUM* > ollo, *CLAVEM* > chave, *CAELUM* > ceo.
- Os **cultismos** e **semicultismos**, que son aquelas palabras que apenas sufriron cambios respecto á súa forma orixinal latina. Por exemplo: *AURICULAM* > aurícula, *CATHEDRA* > cátedra, *INTEGRUM* > íntegro.
- Os **pares** e **tripletes léxicos** aparecen cando dun mesmo étimo latino derivan dúas ou tres palabras diferentes (patrimonial, semicultismo e cultismo) cada unha con cadanseu significado, como: *PLENU* > cheo/pleno, *CLAVICULA* > chavella/caravilla/clavícula.

Este aspecto revisarase de novo na unidade 14 do módulo 4.

## Actividades propostas

- S9. Investigue e indique a orixe destas palabras. Clasifíqueas despois en tres grupos segundo a súa procedencia: linguas de substrato, lingua de estrato (latín), ou linguas de superestrato: *chave, talco, rodaballo, azucre, frecha, beizo, fariña, tregua, lousa, xastre, doenza, veiga, alcume, garda, terraza, banzo, azoute, dolmen, vereia*.
- S10. Relacione as palabras patrimoniais da columna esquerda coa palabra culta que lle corresponda da columna da dereita.

Palabras patrimoniais	Palabras cultas
Escoitar, abella, labrar, pobre, igrexa, peito, temor, cadeira, cheo, roda, descabezar, chantar, boca, cidade, ceibe, loito, ollo, ceo, chave, lago, estado, mancha, saber, leite, orela, primeiro, segredo.	Pectoral, sapiencia, clave, ocular, luctuoso, mácula, lacustre, secreto, eclesial, decapitar, célibe, laboral, depauperado, apicultura, timorato, pleno, estatal, plantar, celestial, auricular, primario, auscultar, cívico, cátedra, rotación, bucal, lácteo.

- S11. Escriba dez palabras que pertencen á familia léxica de cada unha destas catro palabras: *auga*, *moito*, *noite*, *chuvia*, tendo en conta que parte delas poden derivarse da palabra culta correspondente, como no exemplo seguinte.

Familia léxica de frío
Friorento, friaxe, frialdade, frixido, frigorífico, frigoría, frigoterapia, refrixerar, refrixerio, refrixerador.

- S12. Sitúe nun mapa de Galicia as seguintes localidades e logo clasifique os seus topónimos segundo sexan de substrato, de estrato latino, de superestrato xermánico, de superestrato árabe: *Alfoz*, *Ourense*, *A Coruña*, *A Fonsagrada*, *Vigo*, *Cervantes*, *Bañobre*, *Rábade*, *Bergondo*, *Pedrafita*, *Bembibre*, *Cambre*, *Guitiriz*, *A Mezquita*, *Guntín*, *Ribadavia*, *Baamonde*, *Pontevedra*, *Forcarei*, *Sarria*.

- S13. Lea este texto do xeógrafo latino Estrabón e responda as preguntas:

Os últimos son os ártabros que habitan cerca do cabo que se chama Nerion e que é o remate dos lados norte e oeste. Arredor do cabo habitan os célticos, emparentados cos do Anas. Dise tamén que estes e mais os túrdulos, que facían unha expedición militar, rebeláronse tras o paso do río Limia. Engádese a esta rebelión tamén a perda do seu xefe e que quedaron por alí dispersos. Por iso o río chamábase Lethes. Os ártabros teñen moitas cidades situadas nun golfo ó que os navegantes que o percorren chámanlle "Porto dos ártabros". Hoxe en día os ártabros chámanse arotrebas. Arredor de trinta pobos habitan a rexión entre o Teixo e os ártabros. Aínda que o país é rico en froitos e gando e pola cantidade de ouro, prata e outros metais, sen embargo, a maior parte deles, deixando de vivir da terra, viven do roubo e en guerra entre si mesmos e contra os veciños.

Ana M<sup>a</sup> Romero Masía & Xosé Manuel Pose Mesura, *Galicia nos textos clásicos*

- Cal é o nome actual que recibe o cabo Nerion, mencionado por Estrabón? Que significa o seu topónimo actual e por que os romanos lle puxeron ese nome?
- Busque información sobre o golfo ártabro que menciona Estrabón. Con que área xeográfica de Galicia coincide?
- Localice o río Limia nun mapa de Galicia. Que localidade ourensá está preto del? Indague sobre a lenda clásica relacionada con este río e resúmaa nunhas dez liñas.



## 2.3.2 Historia social do galego até 1916

### O galego na Idade Media: o galego-portugués

Retomando o fío do exposto no apartado anterior, situámonos nos inicios da Baixa Idade Media, arredor dos séculos X e XI. Nese momento da historia, podemos falar da existencia na Península Ibérica destas cinco linguas románicas, de oeste a leste: **galego-portugués, astur-leonés, castelán, navarro-aragonés e catalán**. A lingua romance que se falaba nos territorios do sur, non reconquistados aínda aos árabes, chamábase **mozárabe**. No norte, a única lingua prerromana que non chegou a ser substituída polo latín foi o **vasco**.



O **galego** e o **portugués** compartiron a súa primeira etapa de formación sendo unha lingua común. Entre os anos 1200 e 1350 trancorre a época de esplendor do galego medieval representada, sobre todo, polos trovadores da **Escola Lírica Galego-Portuguesa**.

A finais desa etapa escríbense tamén as primeiras obras en prosa literaria e historiográfica. Este contido literario desenvólvese máis a fondo na unidade 12, *Educación literaria*, deste mesmo módulo. O galego vive nesa época unha situación normalizada, xa que era utilizado por todas as clases sociais (labregos, artesáns, fidalgos e nobres) e en todos os ámbitos de uso (concellos, gremios, administración).

En 1139 Afonso Henriques (Afonso I de Portugal) independízase do seu curmán Afonso Reimúndez (Afonso VII de Galicia, León e Castela) e o reino de Portugal é recoñecido como coroa independente. O **portugués** obterá dende entón a consideración de lingua nacional unificada, baseada na fala de Lisboa, onde se asentará a corte real.

Galicia, pola súa banda, vivirá unha etapa de gran inestabilidade sociopolítica a finais da Idade Media. As **revoltas irmandiñas** e as **guerras sucesorias** polo trono de Castela provocarán a entrada en Galicia dunha aristocracia foránea de orixe castelá, que desprazará a nobreza autóctona e utilizará o castelán como lingua de prestixio social.

O **galego** experimentou a partir do século XIV un progresivo proceso de desprestixio e diglosia, ao quedar Galicia integrada no reino de Castela, sen chancelería nin corte, polo que a lingua perdeu o seu uso oficial na redacción de documentos administrativos en favor do castelán. Dende 1350 a lírica galego-portuguesa comeza un proceso de decadencia no reino de Castela e vai ser substituída nunha primeira fase pola **escola galego-castelá**, para rematar finalmente coa total substitución do galego polo castelán na escrita literaria.

### O galego na Idade Moderna: os Séculos Escuros

A uniformidade política, administrativa e relixiosa imposta polos Reis Católicos nos seus territorios peninsulares imporá o **castelán** como lingua civil, eclesiástica e de cultura, xunto ao latín. Como consecuencia, os séculos XVI, XVII e XVIII constitúen un período de forte decadencia na historia da lingua galega, pois a cultura expresada nesta lingua cae nun estado de prostración fronte ás épocas máis brillantes das letras castelás e portuguesas. Esta etapa é coñecida comunmente como os **Séculos Escuros**.

Ao longo destes séculos a lingua galega consérvase só no plano oral e nos niveis de uso lingüístico popular e vulgar. A maior parte da poboación, tanto rústica como urbana, falaba galego. Mais apenas existen unhas mostras illadas de poesía renacentista e barroca escritas nesta lingua. Non existiron textos en galego que se visen difundidos grazas ao revolucionario invento da imprenta. A Igrexa, depositaria da cultura e de gran parte da educación das clases favorecidas foi un dos axentes desgaleguizadores máis importantes xa que, ademais do latín, decantouse polo uso do castelán como lingua de cultura.

Establécese a situación de **diglosia** que chega até os nosos días. O castelán será a lingua de prestixio, utilizada nos ámbitos de poder e de cultura, fronte ao galego, a lingua minorizada que quedaría relegada ao uso familiar e cotián. Ademais sufrirá un paulatino e acentuado proceso de **dialectalización** debido á falta dunha norma gramatical e ortográfica que a consolide como lingua de cultura. Xurdirán, así mesmo, os prexuízos sociais asociados ao seu uso.

No século XVIII, coa chegada da **Ilustración**, algúns estudosos, como Frei Martín Sarmiento, Frei Benito Xerónimo Feijoo ou Diego Cernadas e Castro (o cura de Fruíme) denuncian a marxinalidade cultural e lingüística que sofre Galicia. Propugnan tamén o uso do galego no ensino e na difusión da doutrina católica, así como a obrigatoriedade de coñecer a lingua por parte da administración funcional de Galicia.

Tamén comezan os primeiros estudos lexicográficos e etimolóxicos sobre a lingua galega:

- *Catálogo de voces gallegas de diferentes vegetales* do padre Sarmiento.
- *Idea de un diccionario de la Lengua Gallega* do padre Sobreira.
- *Catálogo de palabras gallegas* de Xosé Cornide Saavedra.

Estes pequenos pasos serán os que posibiliten a consolidación dunhas condicións propicias para o rexurdir cultural da lingua galega durante o século XIX.

### O galego no século XIX: O Rexurdimento literario

A poboación galega do XIX era maioritariamente monolingüe en galego, así e todo, a penetración do castelán na sociedade e o conflito diglósico acentúanse. Será no ámbito cultural no que o galego irá recuperando terreo. O **Rexurdimento** literario da lingua galega está intimamente relacionado coa evolución do pensamento galeguista, no que se poden distinguir dúas etapas fundamentais:

- O **Provincialismo** (1808-1863) que defendía a unidade de Galicia como provincia única e indivisa coa súa especificidade lingüística, así como o dereito dos galegos a seren escolarizados na súa lingua propia. Todo isto concebido dentro dun programa máis amplo de mellora das condicións de vida da poboación galega e dun desenvolvemento autónomo do país. Este movemento rematou co fusilamento de moitos dos seus líderes, os Mártires de Carral, no 1846. Nesta etapa desenvolveron o seu labor literario un grupo de escritores coñecidos como os **Precursores**, entre eles, Nicomedes Pastor Díaz, Francisco Añón ou Xoán Manuel Pintos.

- O **Rexionalismo** (1864-1914), un movemento herdeiro do provincialismo que xorde da man de Alfredo Brañas, Manuel Murguía e Aureliano Pereira. Estes pensadores falan nos seus ensaios historiográficos da condición de nacionalidade de Galicia, cunha cultura e lingua propias, polo que farán da defensa e vindicación do idioma galego unha das súas principais esixencias. En 1891 fúndase o primeiro partido político galeguista, a **Asociación Rexionalista**. Ao abeiro desta atmosfera propicia á lingua galega xurdirá a expresión literaria e cultural deste ideario, que agromará no **Rexurdimento**.

Na recuperación da escrita literaria do galego destacan os seguinte fitos:

- Os **Primeiros Xogos Florais** da Coruña celebrados no 1861 supoñen a publicación da primeira antoloxía da poesía galega moderna, o *Álbum de la Caridad*.
- O ano de publicación do primeiro libro monolingüe galego, **Cantares gallegos** de Rosalía de Castro no 1863 é a referencia temporal que abre esta etapa. Outros poemarios de sona serán: **Follas novas** da propia Rosalía de Castro; **Aires da miña terra** de Curros Enríquez; **Queixumes dos pinos** de Eduardo Pondal.
- Publícanse outras obras de importancia, como a primeira novela en galego, **Maxina ou a filla espúrea** de Marcial Valladares, ou o **Catecismo do labrego** de Valentín Lamas Carvajal, de grande éxito entre as clases populares.
- Nesta etapa publícanse tamén as **primeiras gramáticas e dicionarios** do idioma galego, entre os que destacan a *Gramática gallega* de Xoán Antonio Saco y Arce e o *Diccionario Gallego-Castellano* de Francisco Xabier Rodríguez.
- Nace a **prensa** en galego coa publicación quincenal d' *O tío Marcos da Portela* a partir do 1876 da man de Valentín Lamas Carvajal en Ourense. Xurdirán iniciativas semellantes noutras provincias como *A Monteira* de Lugo, *Galicia* na Coruña, ou *O Galiciano* en Pontevedra.
- No 1906, xa no século XX, a constitución da **Real Academia Galega** foi unha das últimas manifestacións relevantes do Rexurdimento.

Malia a recuperación do galego como idioma literario e cultural, conséntase un descenso no nivel de uso oral da lingua galega. Esta non vivirá aínda unha situación normalizada e sufrirá un importante retroceso no seu uso nas cidades e entre as clases altas e medias.

## Actividades propostas

### S14. Lea este texto e conteste as preguntas.

Non é ningún segredo que o noso idioma acadou o meirande desenvolvemento na Baixa Idade Media. O galego é entón a fala dos vasallos e dos señores, dos cregos e dos labregos, e óese o mesmo nos concellos que nas igrexas. Pero a anarquía feudal trouxo o debilitamento das vellas institucións xurídicas. De contado, cos Trastámaras, de fóra veñen arreo bispos, alcaldes maiores, corrixidores, deáns de cabidos e ata cregos, cóngos e abades.

O fracaso da Guerra Irmandiña había de traer consigo unha maior intervención do poder real, para rematar cos abusos dos señores feudais. Por iso os Reis Católicos houberon de crear a Real Audiencia, que, xunto coas Cortes do Reino, chamadas despois Xunta, habían de lle dar ó reino unha nova configuración política dentro da gran monarquía.

Mais, en troques, dende a Corte a cotío chegan aquí, para o goberno, "criados" dos reis e dos grandes señores, os que soamente empregan a súa fala, e, ós demais, queiras ou non, cómprelles aprendela e tamén usala.

Coidamos decisiva a lei dada en 1480 pola que se manda que desde entón en adiante non se dean títulos de escribán sen exame e sen licencia do Real Concello. Daquela os escribáns de Galicia tiveron que deizar os seus formularios para aprender os alleos.

*Como e por que os escribáns deixaron de empregar o galego, X. Ferro Couselo (adaptación)*

- Enuncie as ideas principais expresadas en cada un dos parágrafos deste texto.
- En cal dos parágrafos se describe o comezo da situación diglósica do galego?
- Que acontecementos históricos orixinaron a situación diglósica do galego?

### S15. Lea este parágrafo escrito por Martín Sarmiento traducido ao galego e reflexione sobre o seu contido. A continuación responda estas cuestións:

Despois de que o neno penetre ben e comprenda o que se lle di con voces vulgarísimas, que xa sabe da súa lingua nativa, tempo lle queda para sabe-las correspondentes voces facultativas que, sendo máxicas de futuro, son de presente para o neno uns terribles espantallos que retardan infinito a ensinanza. Tamén serven as voces facultativas, e que o neno non pode entender, para oculta-lo mestre a súa ignorancia, pois tampouco polo común as entende senón canto máis como un papagaio. Cando os nenos se instrúen uns ós outros endexamais usan de voces facultativas estrañas, senón as voces que xa saben da súa lingua propia.

*Antón Costa Rico, "Frei Martín Sarmiento. Escritos de educación. significado histórico-pedaxógico" en Revista Galega do Ensino, nº 35, maio, 2002*

- A que se refire Martín Sarmiento co termo "voces facultativas"?
- Por que lle son alleas ao neno galego? Con que as compara o autor e por que?
- De que acusa Martín Sarmiento aos docentes neste texto?
- Como explica o autor que os rapaces se axuden entre eles?
- Que tese defende implicitamente Frei Martín Sarmiento neste fragmento?

S16. Lea este texto sobre Rosalía de Castro que figura nunha páxina web educativa do *Departament d'Ensenyament da Generalitat de Catalunya*.

Rosalía participou activamente do resurgimento do nacionalismo romántico do século XIX, moi ligado a la recuperación de la cultura y de la lengua autóctona. Los románticos supieron recuperar la cultura y las tradiciones populares y la integraron en la cultura burguesa. Así se entiende el gusto por recuperar las canciones de campo, el folklore popular y los romances. Esta moda se impuso en diferentes puntos de Europa: Wordsworth en Inglaterra, Burns en Escocia, Heine en Alemania, Augusto Ferran en Andalucía, Víctor Balaguer en Cataluña y Rosalía de Castro en Galicia.

[http://www.edu365.cat/batxillerat/lectures/castellana/castro/cont\\_literario\\_1.htm](http://www.edu365.cat/batxillerat/lectures/castellana/castro/cont_literario_1.htm)

- a) A que corrente literaria e de pensamento do século XIX adscribe o texto a Rosalía?
- b) Que relevante obra de Rosalía de Castro se inspira no folclore popular de Galicia?
- c) Lembre o título de catro poemas rosalianos que presenten esa inspiración.

### 2.3.3 O portugués e os países da lusofonía

Como podemos ver en apartados anteriores, as linguas galega e portuguesa comparten unha orixe común: o **galego-portugués**. As circunstancias históricas que deron lugar á creación do reino de Portugal, namentres o reino de Galicia quedaba supeditado á coroa de Castela, propiciaron a progresiva diferenciación entre as dúas linguas. O portugués acabou acadando o estatus de lingua de Estado e desenvolveu unha variedade estándar baseada na fala da súa capital, Lisboa. Pola súa banda, o galego quedou reducido á oralidade e sufriu unha situación de minorización e unha acentuada dialectalización.

Con todo, a semellanza entre ambas as linguas segue a ser moita e as diferenzas máis salientables residen na súa pronuncia e ortografía, así como no léxico, xa que morfosintacticamente son moi parecidas. Isto facilita enormemente a intercomprensión entre falantes de galego e de portugués.

Portugal emprendeu unha importante expansión colonizadora por todo o mundo ao longo da Idade Moderna (séculos XVI ao XVIII). O portugués espallouse e xerou unha comunidade de falantes que hoxe en día supera os 200 millóns de persoas nos cinco continentes. Todos estes países e lugares compoñen o que se denomina a **lusofonía**.

Ademais dos territorios da **República Portuguesa** en Europa (incluíndo os arquipélagos de **Madeira** e das **Azores**) o portugués fálase en:

- **Brasil**, un inmenso país de máis de 150 millóns de habitantes. O portugués brasileiro presenta certas diferenzas fonéticas respecto do portugués de Portugal e unha gran cantidade de léxico diferente debido ás achegas das linguas amerindias e das linguas africanas orixinais do escravos levados alí polos propios portugueses.
- En África, o portugués é lingua oficial en **Cabo Verde, Santo Tomé e Príncipe, Guinea-Bissau, Guinea Ecuatorial, Angola e Mozambique**. En moitos destes lugares o portugués entrou en contacto coas linguas indíxenas dos distintos territorios, e da súa mestura xurdiron as chamadas **linguas crioulas**. Os crioulos caboverdiano e o de Guinea-Bissau son as linguas nai da poboación deses países, nos que o portugués é a súa lingua oficial, e respecto da que viven nunha situación de diglosia.
- En Asia fálase portugués no territorio indio de **Goa** e na cidade chinesa de **Macau**, onde é lingua cooficial.
- En Oceanía é lingua oficial de **Timor Leste** e tamén se fala en puntos da illa de **Xava**.

A **Comunidade dos Países de Língua Portuguesa (CPLP)** foi creada en xullo do 1996 como foro multilateral para a cooperación social, política e económica dos países da lusofonía, e entre os seus obxectivos xerais destaca a materialización de proxectos de promoción e difusión da lingua portuguesa. Na súa páxina web pode accederse a todo tipo de información ao respecto: <https://www.cplp.org>

O Consello da Cultura Galega foi o primeiro organismo galego en formar parte da CPLP co seu ingreso co status de observador consultivo no ano 2010. Dende entón Galicia é unha firme candidata para entrar a formar parte de pleno dereito na CPLP. O portugués xa se imparte en máis de 60 centros educativos en Galicia e estúdano máis de 1700 persoas, segundo datos da Secretaría Xeral de Política Lingüística do ano 2016.

### Actividades propostas

- S17. Sobre un planisferio político en branco sombree todos os países que compoñen o mapa da lusofonía, rodee cun círculo os arquipélagos de fala portuguesa e sinale cun puntiño, aproximadamente, aqueles lugares onde se fala portugués.

S18. Complete o nome dos países que compoñen o mapa da lusofonía no mapa interactivo que figura na seguinte ligazón:

[https://es.educaplay.com/es/recursoseducativos/1700614/html5/mapa\\_da\\_lusofonia.htm](https://es.educaplay.com/es/recursoseducativos/1700614/html5/mapa_da_lusofonia.htm)

S19. Relacione cada palabra galega coa súa correspondente portuguesa coa axuda dun dicionario como o desta ligazón:

<https://gl.glosbe.com/gl/pt/etimolox%C3%ADa>

Teña en conta que sobran palabras no primeiro cadro xa que son idénticas nas dúas linguas.

Palabras galegas	Palabras portuguesas
Xadrez, beirarúa, branco, folga, manteiga, cueiro, crocodilo, século, xamón, cadela, saba, tren, forno.	Faldra, comboio, calzada, lençol, greve, presunto.

S20. Faga un pequeno exercicio de investigación lingüística comparativa:

- Investigue como se chaman os días da semana en portugués e explique a razón deses nomes.
- De que dúas maneiras se poden mencionar os días da semana en galego?
- A que se deberá que no galego coexistan estes dous sistemas?

S21. escoite o podcast de Radio 5, de RTVE, sobre a cantante caboverdiana Cesaria Évora nesta ligazón <http://rtve.es/a/3145424>, e conteste as preguntas:

- Por que a chamaban a diva dos pés descalzos?
- Busque información sobre o xénero musical da "morna"? En que lingua se canta?
- Escoite a canción que se ofrece ao final do texto e intente comprender, polo menos, a letra do refrán que lle dá título?

S22. Intente ler o texto firmado por Aline Frazão no xornal dixital RedeAngola.info e comprobe a enorme semellanza entre o portugués estándar e o galego normativo.

A Galiza é uma região autónoma situada no canto noroeste de Espanha, bem em cima de Portugal. O galego, apesar de se escrever diferente do português, é a mesma língua, não só na oralidade mas também na origem. Como é sabido, foi lá que nasceram estas palavras que agora escrevo e que agora lês. As diferenças que existem são as esperadas em qualquer língua: cada lugar tem o seu próprio jeito e o seu léxico. Uma língua pode ter muitos dialectos, variantes ou vários sotaques diferentes. As línguas são lugares permeáveis e cambiantes ao longo do tempo, sensíveis ao seu contexto. Ainda assim, entre o galego e o português aplica-se aquela frase: "muito mais é o que nos une que aquilo que nos separa".

Aline Frazão, "Trocar a Lusofonia pela Galeguia" (fragmento) publicado em RedeAngola.info, 12/06/2014

<http://www.redeangola.info/opinioa/trocar-a-lusofonia-pela-galeguia-2/>




## 2.4 Sociolingüística do galego

### 2.4.1 Variedades xeográficas da lingua galega e o galego estándar

Como levamos visto en toda esta unidade, as linguas son entidades vivas sometidas a todo tipo de variacións: históricas, sociais ou culturais. Calquera idioma presenta tamén en todo o territorio no que se fala diferenzas na súa pronuncia, no seu léxico e nas súas estruturas morfosintácticas. Malia as adversas circunstancias históricas explicadas en apartados anteriores, o galego mantivo unha salientable unidade lingüística.

Por iso os lingüistas prefiren, no caso de galego, non falar de dialectos, senón agrupar os trazos cónsuns das diferentes maneiras de falar galego en tres grandes **bloques**: **occidental**, **central** e **oriental**. No mapa seguinte pódese apreciar como estes bloques poden subdividirse, á súa vez, en zonas con características máis concretas, denominadas **áreas**.



## O bloque occidental

Comprende as zonas costeiras máis occidentais das provincias da Coruña e Pontevedra. Está subdividido nas **áreas bergantiñá, fisterrá e pontevedresa**. Considérase que presenta unhas características máis innovadoras cás dos outros bloques respecto á súa evolución dende o latín. Entre os seus trazos máis definitorios destacan:

- A **gheada**: pronuncia do sonido "gue" (*gato*, amigo) como un hache aspirada similar a do inglés (**ghato\***, **amigho\***).
- O **seseo**: pronuncia do sonido "zeta" como "ese". Case todo o bloque pronuncia o seseo implosivo, cando o sonido "zeta" vai ao final de sílaba (**lus\***, **rapás\***), mentres que o seseo explosivo, é dicir, en todas as posicións dentro da palabra, dáse nas zonas máis costeiras do bloque (**faser\***, **vesiño\***).
- O ditongo **-oi-** pronúnciase **-ui-** (*moito* > **muíto**, *troita* > **truíta**).
- Uso da terminación **-an(s)** para os dous xéneros (o **irmán/** a **irmán**).
- O plural das palabras masculinas rematadas en **-n** faise en **-ns** (**cans**, **avións**).
- Uso do pronome de suxeito de 2º persoa do singular **ti** e de 3º de singular **el**.

## O bloque central

É a franxa máis ampla. Esténdese polas zona norte e interior da Coruña, o interior de Pontevedra e case a totalidade das provincias de Lugo e Ourense, agás ás súas comarcas máis orientais. Subdivídese en catro áreas, de norte a sur: **mindoniense, central de transición, lucu-auriense e oriental de transición**. A súa posición central fai que comparta trazos dos bloques occidental e oriental nas zonas limítrofes, polo que presenta características moi heteroxéneas:

- Presencia de **gheada**, aproximadamente, na metade oeste do bloque.
- Ausencia de **seseo**, agás o implosivo (**lus\***, **des\***) nalgungas zonas da Coruña e seseo explosivo na bisbarra de Santiago (**faser\***, **vesiño\***).
- O ditongo **-oi-** pronúnciase **-oi-** (**moíto**, **troíta**) de xeito maioritario no bloque.
- Uso da terminación **-ao(s)** para o masculino e **-á** para o feminino (o **irmaol** a **irmá**).
- O plural das palabras masculinas rematadas en **-n** faise en **-s** (**cas**, **aviós**).
- Uso do pronome de suxeito de 2º persoa do singular **tu** e de 3º de singular **il** só nas dúas áreas do sur do bloque (lucu-auriense e oriental de transición), nas outras utilizan a forma **el**.

## O bloque oriental

Constitúeno o conxunto de falas da franxa oriental da provincia de Lugo e de Ourense e dos territorios fronteirizos con Galicia das provincias de Asturias, León e Zamora.

Dentro deste bloque dintínguense catro áreas: **asturiana**, **ancaresa**, **oriental-central** e **zamorana** que, como pode comprobarse polos seus nomes, se corresponden coas tres provincias que teñen límites xeopolíticos con Galicia, sendo as dúas áreas centrais as que coinciden con territorios leoneses.

Por oposición ao bloque occidental, as súas características son as máis conservadoras:

- Ausencia de **gheada** e de **seseo**.
- O ditongo **-oi-** pronúnciase **-ui-** ou **-u-** (*moito* > **muíto/muto**, *troita* > **truíta/truta**).
- Uso da terminación **-ao(s)** para o masculino e **-á** para o feminino (o **irmao/** a **irmá**).
- O plural das palabras masculinas rematadas en **-n** faise en **-is** (**cais**, **aviois**).
- Uso do pronomes de suxeito de 2º persoa do singular **tu** e de 3º de singular **il** só na área oriental-central, nas outras utilizan a forma **el**.
- O sufixo diminutivo **-iño** do resto dos bloques substitúese por **-ín**.

## O galego estándar

Así como todas as linguas presentan variedades dialectais ou falas locais, tamén precisan da existencia dun modelo lingüístico de referencia desa lingua, que estableza unhas normas ortográficas e unha gramática que unifiquen a diversidade real das diferentes falas. Esta variedade de lingua patrón recibe o nome de **lingua estándar**.

A variedade **estándar** dunha lingua utilízase en contextos de formalidade, en ámbitos académicos, no sistema educativo, na administración, nos medios de comunicación etc. Serve como a forma común de lingua para todos os falantes e como exemplo do uso normativo da lingua. O **galego normativo** baséase no coñecemento do galego popular de todas as zonas galegofalantes e do galego literario moderno legado pola tradición literaria, depurado de castelanismos, enriquecido con léxico culto da ciencia e da técnica e destinado aos usos cultos e oficiais do idioma.

A modalidade **estándar** é unha máis das variedades de lingua que presenta o galego. Non é único modelo de lingua correcto. Cada falante ha de adecuar o seu rexistro, dialectal ou estándar, segundo a situación comunicativa o precise. Por exemplo: unha presentadora de televisión, nacida e criada en Rianxo, ha de falar o galego estándar cando está a relatar as noticias do telexornal, mais pode falar con total naturalidade cos seus trazos dialectais da comarca de Rianxo cando estea en familia ou falando detrás das cámaras.

### Actividades propostas

S23. Identifique nas seguintes oracións redactadas en galego non normativo os diferentes trazos dialectais:

- a) Imos faguer eiquí eu e mais tu unha representación teatral.
- b) Ela atopou mutas cousas dentro dos caixois.
- c) Túa nai é meigha, teño medo dela.
- d) Cheguín tarde porque non me collestes no coche.
- e) Il escoitou pola noite unhas fortes explosiós.
- f) Nasín cando as prantas nasen, no mes das flores nasín.
- g) O ghato subiu ao tellado e a miña irmán chora por el.
- i) Fai xa muito tempo que non vexo ao guapín do teu irmao.

S24. Que é un atlas lingüístico? Que son as isoglosas e para que serven?

S25. Sinale en que bloque dialectal se pronunciaría cada unha destas palabras tal e como aparecen aquí: *pantalois, sapato, camín, ghando, luita, curmao, camiós*.

S26. Escoite con atención estas dúas reportaxes da RTVG que aparecen nas seguintes ligazóns e responda as preguntas:

<http://www.crtvg.es/informativos/un-mozos-abre-o-debate-sobre-o-uso-da-gheada-cun-video-que-xa-se-converteu-nun-fenomeno-na-internet-917919>

<http://www.crtvg.es/informativos/falar-con-variantes-dialectais-e-tan-correcto-como-facelo-en-galego-estandar-1010521>

- a) Cales son os trazos dialectais que reivindicán os rapaces e as mozas?
- b) En que rexistros a gheada está ausente por completo?

- c) Por que hai falantes que evitan usar a gheada?
- d) Que consideración teñen para os lingüistas as variedades dialectais da lingua?
- e) Que explica o señor Paulino Novo acerca da lingua estándar?
- f) Que experiencia persoal conta a última das persoas entrevistadas na segunda reportaxe, o profesor da USC, D. Xose Luís Regueira?

S27. Busque información sobre algúns trazos dialectais non explicados na unidade e responda estas preguntas:

- a) En que consiste o cheísmo?
- b) En que áreas dialectais se utiliza?
- c) En que consiste o teísmo?
- d) En que áreas dialectais se utiliza?
- e) Cal é o uso no galego normativo ou estándar deses dous pronomes?

S28. Existe unha comarca estremeña, o Val do Ellas, onde se fala unha variedade do galego moi particular que se denomina "a fala". Busque información sobre este tema e redacte un texto de entre 100 e 200 palabras que recolla as respostas a todas estas cuestións:

- a) En que poboacións está localizada exactamente esta variedade do galego?
- b) Cantos falantes ten aproximadamente na actualidade?
- c) Cando e como xurdiu esta fala en Estremadura?
- d) Que lingüistas desenvolveron estudos sobre esta variedade do galego?
- e) Cales son os seus trazos máis característicos?
- f) Como é a situación sociolingüística actual da "fala" do Val do Ellas?

S29. A cal dos tres bloques pertence a localidade na que vive habitualmente? Sinala que características do seu bloque escoita con máis asiduidade ao seu redor.

## 2.4.2 Prexuízos asociados á lingua galega

Os prexuízos lingüísticos son xuízos de valor emitidos sen argumentacións razoables sobre unha lingua ou sobre os seus falantes. Os prexuízos son aprendidos polo individuo no seu proceso de socialización, sobre todo na infancia e na adolescencia. Os principais axentes de transmisión dos prexuízos son a familia, os profesores, o grupo de iguais e os medios de comunicación, en especial, a publicidade.

Os prexuízos lingüísticos en contra da lingua galega fóronse conformando ao longo dos séculos no lento proceso de imposición e substitución lingüística por parte do castelán, que durou centos de anos e que foi explicado en apartados anteriores. Mudar eses prexuízos non é unha tarefa doada que se poida solucionar en poucos anos. O primeiro paso pode ser tomar consciencia da súa existencia e reflexionármolos sobre eles para poder refutalos. Algúns dos máis habituais son estes:

### 1. O galego é propio do mundo rural

É verdade que o galego se conservou basicamente no mundo rural, pero tamén é certo que sempre estivo presente nas cidades, onde tivo que competir coa presenza do castelán como lingua dominante, que as clases medias e altas, máis favorecidas, escollían como marca de distinción social.

Deste feito derivou a falsa idea de que o galego é lingua de pobres e ignorantes, de persoas sen estudos e con pouca preparación intelectual, polo que non é apropiada para a escrita ou para tratar calquera ámbito de coñecemento. A inmensa maioría do caudal técnico e científico en todas as linguas modernas procede de termos grecolatinos e ingleses. O galego é tan apropiado como calquera outra lingua para tratar todos os temas, desde física a astronomía, pasando por medicina, economía ou calquera outro campo do saber.

### 2. O galego é un sinal de descortesía

Outro prexuízo é considerar o emprego do galego como un sinal de descortesía ou de falta de educación en determinados contextos; por exemplo, cando unha persoa de fóra de Galicia nos fala en castelán ou noutra lingua, e se lle contesta en galego.

Este prexuízo é froito da idea que algunhas persoas teñen de que outros falantes de linguas minorizadas, por exemplo, os cataláns, non cambian o seu idioma nunha situación de conversa cunha persoa de fóra por outro idioma coñecido por ambos os

dous interlocutores. Isto non ten ningunha base demostrada, ademais de que na maioría dos casos existe unha intercomprensión do contexto xeral da conversa.

En calquera país como Reino Unido, Francia, Estados Unidos, ou a propia España, a xente fálalles na súa lingua aos foráneos con total normalidade, polo que facelo co galego en Galicia non representa ningunha falta de consideración cara ao noso interlocutor.

### **3. O galego carece de proxección internacional**

O español é unha lingua que abre portas fóra de España, pero o galego tamén as abre cara a todos os territorios da lusofonía, xa que nos permite comunicarnos con máis de 200 millóns de habitantes dos diferentes continentes. O portugués é a quinta lingua máis falada arredor do planeta.

Está sobradamente demostrado que cantos máis idiomas se dominen desde a infancia, máis doado é dominar despois outros novos. Os galegos aprendemos castelán sen dificultades porque convivimos con el, e isto suma ás nosas posibilidades de comunicación con persoas de fala portuguesa a todos os hispanofalantes do mundo. Precisamente por ser competentes en dúas linguas dende cativos, podemos acceder a outras linguas máis facilmente.

### **4. O galego normativo é unha lingua artificial**

Como xa se explicou no apartado 2.4.1, toda lingua estándar é unha construción ideal. O galego normativo está baseado no coñecemento do galego popular e do literario, depurado, enriquecido e destinado a usos cultos do idioma.

Tamén se afirma que en Galicia non se fala galego normativo, senón castrapo, e que o galego normativo é un invento de laboratorio. Intentan presentar como castrapo o galego popular, o galego común interferido verticalmente polo castelán, cando non é certo. Son lóxicas as mutuas interferencias entre dúas linguas próximas que se usan nun mesmo territorio e cada persoa debe falar segundo o seu nivel de preparación, consonte á situación comunicativa e cos trazos dialectais que sexan propios do seu territorio de orixe.

Este é un prexuízo moi común do que se serven aquelas persoas que teñen preguiza por utilizar o galego na súa vida diaria e en todos os contextos sociais, cando si tiveron a opción de aprendelo na familia, na escola, ou en ambos os ámbitos, pero escollen o monolingüismo en castelán.

## 5. O galego é unha imposición política e educativa

Este prexuízo apareceu ao se tomaren as primeiras medidas de protección e promoción do galego e cando comezou a implantación dos primeiros plans de normalización lingüística. Tanto a *Lei de normalización lingüística* como o *Plan xeral de normalización da lingua galega* foron aprobados por unanimidade no Parlamento galego. Existe unha lei que establece un reparto de materias impartidas en galego ou en castelán.

Hai grupos sociais que afirman que existe un rexeitamento fronte á normalización do galego. Todos os estudos sociolingüísticos constatan unha maioría social a favor do galego, á parte da mobilización social de creación e afiliación a grupos en prol da lingua, que naturalmente apoian a normalización do idioma como medio para recuperar o seu uso natural e para erradicar a situación de diglosia.

## 6. O galego é unha marca ideolóxica e profesional

Estes son novos prexuízos xurdidos nas últimas décadas por mor da incorporación do galego á vida pública, en especial á actividade política e educativa. Asocian erroneamente o galego a determinadas ideoloxías políticas e asumen que o castelán é unha lingua politicamente neutra. É un feito constatable polas urnas que toda a poboación falante en galego vota a todo tipo de tendencias políticas.

O uso correcto e consciente do galego relaciónase ás veces, cunha marca profesional ou de lusismo. Por exemplo, é común asociar o uso consciente e correcto do galego coa condición de profesor ou profesora de lingua galega; e tamén acontece que cando unha persoa utiliza un modelo de galego depurado e normativo é cualificado de lusista, ou mesmo chega a afirmarse que fala portugués. Todas estas son ideas equivocadas e falsas.

### Actividades propostas

S30. Reflexione sobre a información achegada neste texto e conteste as preguntas:

No proceso de restauración social levado a cabo nos últimos 30 anos un dos feitos máis salientables foi a diminución do prexuízo sociolóxico que identificaba o castelán coa elegancia e co poder e o galego coa pobreza e co ruralismo. Así e todo, estas cualificacións negativas continúan aplicándose, de entrada, a quen fala galego con seseo e, sobre todo, a quen ousa facer uso da gheada.

Hoxe pode falarse da existencia en Galicia dunha situación macrodiglósica [...], con dúas linguas (alta e media) e unha terceira "lingua", que en realidade é un conxunto de variedades orais da lingua media. O castelán, mesmo



con toda clase de galeguismos, é lingua alta que ten todo o prestixio. O galego estándar, sen gheada e sen seseo, con entoación “neutra” (isto é, o máis afastada posible do “galego da aldea”) e con tendencia ó uso de cinco fonemas vocálicos (e coa conxunción i antecónsonántica), é a lingua media, que aínda non ten en Galicia o prestixio do castelán, pero si o ten verbo das variedades orais, con gheada e con seseo e con entoación inequivocamente galega.

Para moitos galegofalantes urbanos, e de xeito especial para moitos que tiveron o castelán como lingua inicial, estes trazos poida que sexan galegos de máis, mesmo rurais, polo que cómpre fuxir dese “galego da aldea” porque simboliza o atraso. Estas variedades son unha especie de lingua baixa, asociada á rudeza, á pobreza e á enxebreza, sen prestixio ningún. [...]

A consideración social cara a unha lingua ou a fenómenos dunha lingua pode cambiar se diminúen os prexuízos. [...]

Hai xente nova que considera que a gheada e o seseo son válidas para usar en certos momentos para marcar expresividade; por outra parte hai quen di usala familiarmente por autenticidade lingüística cara ao medio en que se usa e hai quen sendo criado nun ambiente urbano castelanfalante considera que o galego con eses dous fenómenos soa máis auténtico. Sen dúbida ningunha a gheada asóciase con usos informais, para usar cos amigos e coa familia, e moitos asóciana co rural, especialmente a realización aspirada. Pola miña experiencia como profesor nesta Facultade de Filoloxía compostelá en que agora estamos, podo afirmar que nos últimos anos hai algúns estudantes que en usos totalmente formais e institucionalizados (exposición dun tema, intervención solicitando algunha aclaración) usan un galego estándar con gheada e mesmo con seseo, uns de xeito sistemático e outros de xeito asistemático. Os profesores de Filoloxía, que eu saiba, non usan a gheada (nin o seseo) nas aulas, aínda que algúns –entre os que me incluío– si o fan habitualmente fóra da formalidade da clase.

Francisco Fernández Rei, “Gheada e seseo no galego coloquial e no galego estándar dos anos 90”  
*A lingua galega: historia e actualidade.* (adaptación)

- a) A que prexuízo lingüístico se refire o autor no primeiro parágrafo?
- b) Lea con atención o segundo parágrafo e explique coas súas propias palabras nun texto breve en que consiste a situación macrodiglósica da que fala o autor.
- c) Cales son, segundo o texto, as apreciacións positivas cara á pronuncia da gheada?
- d) Que contraste di o autor que aprecia nas aulas universitarias entre alumnos e profesores? A que cre vostede que se pode deber esa diferenza?
- e) Sinale a idea central do texto, que figura enunciada nunha oración determinada.

**S31. Lea o seguinte relato de Sechu Sende, do seu libro *Made in Galiza*, e responda as preguntas que o acompañan:**

Welcome to the best method to learn Galician!

Bienvenu à la meilleure méthode pour apprendre le galicien!

El primer paso que debería dar la persona que pretenda empezar a hablar gallego es sacarse una fotografía tamaño carné para tener un recuerdo de cómo era antes de saber hablar gallego.

El segundo paso requiere un esfuerzo algo mayor: enfrentarse a leer sin miedo en la lengua objecto del aprendizaje. ¡Suerte!

E xa estamos no terceiro paso, que ten que ver co método Bulinsky de interpretación teatral, que consiste en asumir o papel dun personaxe que está aprendendo unha lingua con todas as consecuencias dramáticas que iso conleva.

Así, por exemplo, pode disfrazarse cun sombreiro de copa ou bigotes falsos ou perruca e dicir no supermercado, por poñer un caso, as súas primeiras palabras en galego en boca do seu personaxe. Por favor, onde están os cepillos de dentes?

A finalidade do disfrace -recomendado para a xente mais tímida- é pasar desapercibidos diante das persoas coñecidas que nesta etapa da aprendizaxe, nalgúns casos, poden facer fracasar a misión con frases pouco animosas do tipo:

- ¿Y luego ahora hablas gallego? Pues te veo rara (cun ton burlón).

- Uy, que gracioso estás... (cínico).

- ¿Y que dicen tus padres de todo esto? (incrédulo).

- ¿Y como te dio por ahí? (asustada)

- Ostia, colega, ¿y tú de que vas? (molesto).

- Aún si lo hablaras bien... (indignada)

- Nótase que non o mamaches (purista).

A maioría da xente que di esas parvadas non ten mala intención, mais ás veces escápanse estas cousas que teñen botado para atrás, aínda que pareza mentira, a algunhas persoas que, cando algún día intentaron falar gallego, non o conseguiron debido á presión do que dirán.

O "que dirán" é unha desas cousas que pode preocupar a unha nai cando seu fillo rouba un banco, por poñer un caso, mais realmente falar unha lingua non ten as mesmas consecuencias. Hai que ter claro, iso si, que esta será unha pregunta que pode crear inseguridade: Y si empiezo a hablar gallego, ¿qué dirán?

Nunha categoría semellante estaría o "que pensarán", o que nos fai reflexionar sobre a importancia da psiquiatría no proceso de aprendizaxe e uso da lingua galega.

O cuarto paso para comezar a falar gallego é rirse dos propios erros antes de que se ría outra xente. Hai que levar con humor eses pequenos disparates e interferencias do tipo "Este libro é miño" ou "Voute pegar unha leite" sabendo que ningunha persoa na Historia pasou do estado A: Non falar unha lingua ao estado C: Falar ben unha lingua sen un período intermedio B: Falar máis ou menos mal esa lingua.

A xente que saiba ler pode atopar algo de axuda nos libros. Nos dicionarios veñen case todas as palabras ordenadas do A ao Z. A xente que non saiba ler ou prefira non facelo que non se preocupe. Hai moitos casos de persoas que nunca leron un libro en gallego e o falan perfectamente.

Estamos chegando ao final, entrando xa na etapa de desmitificación da lingua galega, cando descubrimos que realmente o gallego é unha lingua como outra calquera, sen aparentes poderes transcendentais engadidos. E así podemos sorprendernos un día preguntándolle a hora en gallego a alguén con toda naturalidade, sen darnos

conta.

Conseguido o noso obxectivo, descubrimos de maneira sorprendente que, contra o que pensa algunha xente, para falar galego non é imprescindible ser independentista nin necesario ir vivir a unha aldea.

O último paso destas instrucións para falar galego non ten volta atrás:

Chegou a hora de comparar a antiga foto carné coa nosa imaxe actual nun espello e comprobar que todo segue no mesmo sitio. Os cambios son imperceptíbeis, e calquera transformación inesperada só pode ter como explicación o paso do tempo ou calquera outra incidencia allea á lingua galega.

Sechu Sende, "*Instrucciones para aprender a hablar gallego*", en *Made in Galiza*

- a) Por que o texto comeza en varias linguas diferentes? Cando empeza o relato a utilizar o galego e por que?
- b) Relacione algúns dos prexuízos lingüísticos estudados con fragmentos do texto.
- c) Describa e faga unha valoración persoal das reaccións das persoas que aparecen no texto expresadas entre parénteses.
- d) Que pretende transmitir o autor coa recomendación de comparar as do principio e do final do relato? Trátase dun recurso literario moi relacionado coa cultura galega, sabería identificar o nome dese recurso literario?

### 3. Resumo de contidos

---

A **exposición oral** é unha forma de expresión coa que comunicar en directo ante un auditorio os nosos coñecementos sobre un tema de xeito claro e ordenado. Na súa preparación debemos: documentarnos sobre o tema central da exposición, planificar as ideas e esquematizalas nun guión, organizar os recursos e materiais de apoio que imos empregar e decidir o rexistro formal ou informal de lingua que adoptaremos, segundo a situación.

O **debate** é unha técnica de discusión na que se expón un tema problemático que induce á controversia sobre algún asunto polémico. Os participantes expoñen por turnos os seus argumentos e refutan os argumentos falaces do contrario. Tamén respectan as intervencións dos opoñentes e son controlados por unha persoa moderadora.

Os falantes utilizamos diferentes **rexistros de fala** segundo a situación na que se produza o intercambio comunicativo, que depende do lugar onde suceda, a súa finalidade, o tema tratado e a relación existente entre os interlocutores. O **rexistro formal** aparece ligado á **cortesía verbal**, que é o conxunto de habilidades lingüísticas cuxa finalidade é establecer un comportamento regulado e cooperativo da conversa.

A lingua galega é o froito da evolución do **latín vulgar (lingua de estrato)** falado na provincia romana da **Gallaecia** ao que se lle engadiron trazos e léxico procedentes das linguas prerromanas (**linguas de substrato**) e as linguas dos pobos xermánicos e dos árabes (**linguas de superestrato**). O **galego** e o **portugués** compartiron a súa primeira etapa de formación pois eran unha lingua común na Idade Media, época de esplendor representada polos trobadores da **Escola lírica Galego-Portuguesa**. Mais a partir do século XIV o galego experimentou un proceso de desprestixio e diglosia, xa que a lingua perdeu o seu uso oficial na redacción de documentos administrativos en favor do castelán. Como consecuencia, durante os séculos XVI, XVII e XVIII a cultura expresada en galego desaparece, polo que esta etapa é denominada como os **Séculos Escuros**. Os movementos político-sociais do **Provincialismo** e o **Rexionalismo**, durante o século XIX, favorecerán a revalorización do galego na literatura e propiciarán o movemento cultural do **Rexurdimento**, no que destacan escritores como **Rosalía de Castro**, **Eduardo Pondal** ou **Curros Enríquez**.

A **Comunidade dos Países de Língua Portuguesa (CPLP)** foi creada en xullo do 1996 como foro multilateral para a cooperación social, política e económica dos países da **Iusofonía**, que son: **Portugal, Brasil, Cabo Verde, Guinea-Bisau, San**

**Tomé e Príncipe, Angola, Mozambique, Timor-Leste** e lugares de Asia como **Goa** ou a cidade chinesa de **Macau**. A orixe común do galego e o portugués fai que Galicia poida ser considerada un territorio máis da lusofonía e, de feito, forma parte da CPLP como observador consultivo.

O galego presenta unha serie de trazos dialectais que se poden agrupar en tres grandes bloques: **occidental, central e oriental**. Calquera das maneiras de falar galego é correcta, mais existe un modelo lingüístico de referencia, o **galego estándar** ou **normativo**, que se utiliza nos medios de comunicación e nos ámbitos académicos. A ardua historia social da lingua galega fai que hoxe en día haxa que loitar contra moitos prexuizos asociados ao uso da lingua galega, para así acadar a súa normalización total na sociedade.

## 4. Actividades complementarias

---

### Actividades en lingua galega

S32. Prepare unha exposición oral de aproximadamente dez minutos sobre o seguinte tema: "Historia e evolución da lingua galega dende as orixes ata o século XX". Para isto siga estas pautas:

- Pode utilizar a información presentada nesta mesma unidade didáctica.
- Realice un subliñado dos textos que abordan este tema.
- Extraiga as ideas principais e secundarias e organíceas en forma de guión.
- Prepare unha presentación de powerpoint que lle sirva de apoio na exposición.
- Ensaie a exposición varias veces antes de realizala na aula.

S33. Organice un debate na aula acerca deste tema: "A dignidade e a igualdade das linguas". Un grupo ha de argumentar as súas ideas en favor do tema: todas as linguas son iguais en importancia e relevancia social, cultural e histórica. Outro grupo deberá argumentar a tese contraria: existen linguas máis importantes e relevantes que outras a nivel social, cultural e histórico. Han de terse en conta este aspectos:

- Cumprirá escoller unha persoa que realice o papel de moderador/a.
- Haberá que realizar unha preparación previa dos argumentos que se utilizarán.
- É preciso realizalo respectando os turnos de palabra e as normas de cortesía.

S34. Lea o seguinte poema de Pedro Vázquez de Neira e responda as preguntas. Pode axudarse cos apartados de métrica e recursos literarios dos anexos de literatura.

Morte cruel, esa tredora maña  
de roubar de non cato a humana vida  
¿con qué ollos a podeche ver cumprida  
na Santa Reina que oge perde España?

Se aquel rancor que te carcome e laña  
che tiña a mao para matar ergida,  
¿non deras noutra parte esa ferida  
donde non fora a lástima tamaña?

¿Non se torçera aquel fatal costume  
y a lei que yguala do morrer na sorte  
os altos Reis cos baixos labradores?  
Terrible en fin, é teu poder, ¡oh Mortel,  
pois diante de ti, Reis e señores  
son néboa, sombra, poo, son bento e fume.

- a) En que data foi publicado este texto e a quen vai adicado?
- b) En que estrofa está escrito o poema e a que xénero literario pertence?
- c) Explique que tópicos literarios se expresa no último terceto?
- d) Sinale algunhas palabras que non pertencen ao galego normativo actual.

S35. Este texto é o principio do primeiro discurso galego pronunciado nun mitin político por Manuel Lugrís Freire. Reflexione sobre o seu contido e conteste as preguntas:

Mariñáns e montañeses, homes traballadores e honrados, saúde.

O que agora ten o atrevimento de falarvos é tamén un mariñán que tivo a grande sorte de nacer nesta bendita e ridente terra nosa; e, como tal mariñán, quérovos falar na lingua gallega, primeiramente, porque deste xeito entenderédesme mellor, e despois porque un boletín da Cruña, que pra escarnio e vergonza de bon sentido leva o nome santo da nosa terra, dixo que se hoxe vos parolaba en gallego, na fala que adprendimos das nosas nais, na fala querendosa en que vosoutros namorastes... enterraríase no ridículo a propaganda de redención, de verdadeira libertá, que alborexa para esta terra.

Manuel Lugrís Freire, *Discurso en Betanzos, 1907*

- a) A que parte do discurso pertence este fragmento? Por que?
- b) En que etapa da evolución do galego no século XIX deberíamos situar a Manuel Lugrís Freire?
- c) Cal é o obxectivo explícito de Lugrís Freire para pronunciar o discurso en galego?
- d) Cal pensa que pode ser o seu obxectivo implícito?
- e) Cal é o topónimo que aparece mencionado neste fragmento? Correspóndese co topónimo actual? Investigue en que momento esa cidade adoptou o seu nome oficial.
- f) Sinale algúns termos do texto que non estean expresados en galego normativo.

## ACTIVIDADES EN LENGUA CASTELLANA

- S36. Consulte un diccionario etimológico o el diccionario en línea de la RAE y clasifique las palabras de esta lista según su procedencia en lenguas de sustrato prerromano, de superestrato germánico o de superestrato árabe: *perro, almirez, guijarro, rueca, sandía, azafrán, ganso, braga, zanahoria, espía, álgebra, barro, galardón, yelmo, alcalde, cifra, cerro, guisar, rico, jarabe.*
- S37. Investigue el origen de los siguientes topónimos españoles y señale cuál es su gentilicio correspondiente: *Málaga, Alicante, León, Segovia, Zaragoza, Badajoz, Cádiz, Burgos, Ceuta, Navarra.*
- S38. Consulte el diccionario y localice el étimo original latino de estos dobles lingüísticos, anote luego la definición de cada pareja de palabras y compare esos significados: *cobijo/ cubículo, dedo/dígito, delgado/delicado, habla/fábula, hastío/fatidio, llaga/plaga, llamar/clamar, palabra/parábola, sello/sigilo, sobrar/superar.*
- S39. Relacione las palabras de las tres columnas: en la primera aparece el étimo latino, en la segunda la palabra patrimonial y en la tercera el cultismo o semicultismo.

Étimos	Palabras patrimoniales	Cultismos/Semicultismos
<i>Annum, pedem, insulam, ferrum, mensem, integrum, recitare, attonitum, operarium, computare.</i>	<i>Contar, tonto, año, isla, mes, entero, obrero, pie, hierro, rezar.</i>	<i>Operario, mensual, pedal, íntegro, insular, férreo, recitar, atónico, anual, computar.</i>

- S40. Lea tentamente este texto y realice las actividades propuestas a continuación.

Los científicos del siglo XIX creyeron que los aborígenes australianos eran el eslabón perdido entre el mono y el hombre. Hoy en día sabemos que todos los seres humanos de cualquier rincón del planeta pertenecemos exactamente a la misma especie (Homo Sapiens Sapiens) y lo sabemos porque nuestros conocimientos antropológicos son mucho más exactos que los que había el siglo pasado. Una vez aceptado esto, todavía hay quienes piensan que, a pesar de todo, los aborígenes australianos o de otros lugares de nuestro planeta son inferiores culturalmente a nosotros y esto se refleja en que sus lenguas son menos complejas, flexibles, ricas y potentes que las nuestras. Se sabe que el ser humano habita Australia desde hace por lo menos sesenta mil años y que ha estado prácticamente aislado en ese continente hasta el siglo pasado. Por ello, se puede decir sin temor a equivocarse que los aborígenes australianos están entre los pueblos más antiguos de la tierra. El estudio científico de las lenguas indígenas australianas se ha producido a mediados de este mismo siglo. Las lenguas autóctonas australianas que se han descrito hasta la fecha presentan una estructura de un grado de complejidad fonética, morfológica, sintáctica y semántica del todo equiparable al de nuestras lenguas europeas.



De aquí se deduce que la valoración jerarquizadora de las lenguas humanas no puede basarse en criterios lingüísticos, que la discriminación lingüística no puede justificarse gramaticalmente, por más que a veces se oigan cosas como «esa lengua es muy difícil», «aquella lengua no es útil», «esa lengua es más perfecta que ésta», «aquella lengua no es de cultura», «esa lengua no es de comunicación», «esta lengua es más apta para la literatura que aquella otra», «esa lengua es poco apta para la poesía o el amor», «aquella lengua suena mal, es desagradable», «esa lengua es léxicamente más rica que ésta» y tantas y tantas otras.

Juan Carlos Moreno Cabrera, *La dignidad e igualdad de las lenguas*.

- a) Realice un subrayado de las ideas principales del primer párrafo. Las partes sin subrayar se considerarán ideas secundarias.
- b) Realice un esquema que exprese la relación jerárquica que existe entre las ideas principales y secundarias de ese primer párrafo.
- c) Enuncie la idea global del primer párrafo en menos de veinte palabras.
- d) Explique con sus propias palabras cuál es la idea principal del segundo párrafo.
- e) Relacione algunas de las citas entrecomilladas del segundo párrafo con los prejuicios que se aplican al gallego.
- f) Redacte un texto de aproximadamente 200 palabras sobre este tema: "¿Qué medidas podemos tomar los gallegos a favor de la normalización de la lengua gallega?" Recuerde que un texto argumentativo como el que se le solicita debe:
  - Ofrecer una estructura clara con una introducción o presentación del tema, un desarrollo central de las ideas y un párrafo de conclusión o cierre.
  - Exponer las ideas ordenadas de manera lógica y relacionadas de modo coherente, mediante un uso correcto de los signos de puntuación y una selección apropiada de los conectores del discurso.
  - Justificar los argumentos que se esgrimen mediante alguno de los mecanismos explicados en el apartado 2.2. de esta misma unidad.
  - Carecer de faltas de ortografía. En caso de duda, consulte el diccionario o las normas de acentuación del castellano explicadas en unidades precedentes.
  - Presentar una caligrafía legible, que respete al máximo la horizontalidad de los renglones y los márgenes del folio.

## 5. Solucionario

---

### 5.1 Soluciones das actividades propuestas

S1. Lea el siguiente fragmento de este reportaje y conteste las preguntas.

A) La introducción se correspondería con el primer párrafo del reportaje. El desarrollo ocuparía los tres párrafos siguientes y la conclusión coincide con el último párrafo.

B) Esquema del texto

1. El deshielo en Groenlandia ha aumentado un 250%.

1.1. El hielo se disuelve a una velocidad de 248 km<sup>3</sup>/año.

1.2. Esto puede elevar el nivel del mar 0,5 mm/año.

1.3. Este proceso puede tener efectos devastadores.

2. El proceso está relacionado con el calentamiento global del planeta.

2.1. Los satélites pueden medir este proceso.

2.2. No es posible determinar las causas.

2.3. El calentamiento global amenaza el deshielo del norte de la isla.

C) La preocupante aceleración del proceso de deshielo de la isla de Groenlandia.

D) El texto presenta un planteamiento mixto expositivo-argumentativo, ya que ofrece datos que justifican las ideas expuestas y también se ofrecen opiniones de especialistas sobre el tema.

E) La estructura del texto es categorial, como se puede apreciar en el esquema del apartado B, se profundiza en las ideas principales desarrollando ideas secundarias de manera jerárquica.

F) Se trata de un texto divulgativo, ya que ha sido escrito para aparecer en una revista de divulgación científica, con un nivel léxico que cualquier persona no especializada en el tema puede comprender.

S2. Explique qué tipo de planteamiento sería adecuado para cada una de estas exposiciones orales y qué estructura encajaría mejor a su contenido. Justifique sus respuestas.

A) Este tema se desarrollaría adecuadamente mediante un planteamiento narrativo y descriptivo, ya que explica un proceso de evolución en el tiempo. Utilizaría una estructura categorial, ya que en cada etapa de la historia se detendría a describir las partes de cada espacio escénico y su funcionalidad. B) Este tema precisaría un planteamiento expositivo y argumentativo, ya que explicaría los efectos de las nuevas tecnologías en nuestras vidas, pero también se podrían realizar ciertas valoraciones al respecto. Le convendría una estructura categorial porque habría que organizarla en apartados según se hablase de los ordenadores, de los móviles, de las redes sociales y de los efectos de cada uno de ellos. C) Este tema se adecuaría a un planteamiento argumentativo y descriptivo, porque plantearía los pros y los contras de las dietas vegetarianas, además de describir sucintamente en qué consisten. La estructura más adecuada sería la de contraste porque durante la exposición de este tema serían frecuentes las comparaciones con las dietas convencionales. D) A este tema le vendría bien un planteamiento descriptivo puro para explicar los elementos y el funcionamiento de palancas y poleas. Las estructuras categorial y de oposición permitirían organizar la explicación clasificando cada tipo de palanca y de polea comparándolas entre sí.

- S3. Explique qué tipo de apoyos visuales podrían utilizarse para reforzar las exposiciones orales del ejercicio anterior, especificando qué elementos (textos, diagramas, imágenes, videos, etc.) introduciría en ellos.

A) La primera exposición sería muy conveniente acompañarla de videos alojados en la web que explican las diferentes partes del teatro griego y romano, de los corrales de comedias barrocos, de los teatros a la italiana, etc., siempre teniendo en cuenta que los videos no deben sustituir la explicación oral y que esta debería servir de nexo y de introducción a cada uno de ellos. B) El tema de la segunda exposición se adecuaría a una presentación de powerpoint que incluyese diferentes enlaces a las distintas plataformas y redes sociales presentes en la red. C) El tema de las dietas vegetarianas podría acompañarse de una presentación de powerpoint más convencional con imágenes de los productos alimenticios que se van mencionando. A mayores, podría incluirse algún video breve con alguna receta de cocina original o relevante para la exposición. D) La explicación sobre palancas y poleas precisaría una presentación con imágenes o fotos que señalaran los puntos de apoyo y los vectores de fuerzas que intervienen en cada tipo de palanca. También podrían incluirse videos que mostrasen las palancas en movimiento.

- S4. Redacte un guion bien estructurado de las ideas principales y secundarias sobre alguno de los temas propuestos en el ejercicio 3 para una exposición oral que no supere los diez minutos de duración. Luego ensáyela y realícela en el aula.

RESPUESTA LIBRE

- S5. Lea este texto y conteste a las preguntas.

A) El tema de este texto podría enunciarse así: "La falta de motivación para hacer ejercicio físico de manera rutinaria". B) El primer párrafo defiende que el aumento de la obesidad es fruto de la falta de ejercicio del 70 % de la población española. C) El cuarto párrafo plantea un argumento de objeción cuando argumenta que a las personas les falta motivación y que se inventan excusas para ocultarlo. D) Argumento sintomático: el dato estadístico que el autor da al principio del texto. Argumento causal: la excusa de falta de tiempo de la mayoría de gente que no practica deporte. Argumento analógico: la motivación para buscar tiempo para hacer deporte puede ser similar a la que se tiene cuando uno busca tiempo para la persona de la que se enamora. Argumento de autoridad: la cita del filósofo Nietzsche que se cita al final del texto. D) Respuesta libre.

- S6. Mire el fragmento de un programa de debate de RTVE que aparece en este enlace: <http://rtve.es/v/1015543> y conteste las preguntas siguientes.

A) Es la presentadora y funciona como moderadora del debate, planteando el tema y abriendo nuevos subtemas a los participantes. B) La periodista opina que cada televidente debe ver lo que desea y ser crítico con lo que ve en televisión y que la mayoría de programas que se emiten son de muy baja calidad. C) El periodista defiende que los programas de baja calidad se concentran en una cadena en concreto, pero que hay otras cadenas que intentan emitir programas de calidad. Este mismo periodista introduce la idea de que hay programas como "Sálvame", que es de muy baja calidad, pero que sin embargo tiene mucha audiencia y ocupa mucho tiempo de emisión. D) Introduce el tópico del coste de producción de programas basura. E) Él le responde que la calidad del programa es independiente del coste y un ejemplo es el propio programa en el que están participando, y que no habría que pagar a los famosos que van a los programas a hablar de su vida, pero sí a los contertulios. F) Se trata de un debate más o menos distendido en el que, en ocasiones, algunos participantes introducen comentarios en

las intervenciones de los demás, pero en general, sí se respeta el turno de cada interviniente. G) El registro que utilizan no es absolutamente formal, sino más bien un español estándar, puesto que se trata de un intercambio de opiniones entre compañeros de la misma profesión. H) La presentadora y moderadora tutea a los participantes y entre ellos se llaman por su nombre de pila. Evidentemente ninguno de ellos utiliza expresiones malsonantes o muletillas. Utilizan un registro más bien coloquial, ya que los participantes de este debate pertenecen al mismo campo de trabajo y se conocen entre sí y se tratan con una familiaridad propia de colegas de profesión.

- S7. Reflexione sobre las opiniones expresadas en el debate que figura en este enlace <http://rtve.es/v/2855421>, respondiendo las preguntas.

A) La presentadora comienza con un planteamiento del tema a tratar aportando una serie de datos estadísticos. Luego pasa a presentar a los invitados y ejemplifica el tema de debate con un breve reportaje sobre el mismo tópico. B) Amparo Tomé opina que del mismo modo que las mujeres se han incorporado al mundo laboral, los hombres han de incorporarse al mundo doméstico. Ferrán Roig considera que el reparto de tareas domésticas deriva de un reparto de roles de género que los niños asumen desde pequeños debido a una incorrecta educación. Nieves Fernández introduce el tema de la ayuda doméstica en el hogar, que cada vez resulta más necesaria en muchos hogares para conciliar la vida laboral y familiar. C) La escucha significativa consiste en establecer un diálogo en el que la discusión conduzca a la cooperación entre las personas, ya que cada uno tiene en cuenta las opiniones del otro. Este tipo de escucha es fundamental para que un debate pueda resultar fructífero y se pueda desarrollar correctamente, ya que cada participante ha de comprender en profundidad los argumentos contrarios a los suyos para poder complementarlos, ampliarlos o refutarlos. D) Este programa no se trata propiamente de un debate, ya que todos los intervinientes están de acuerdo en torno a unas ideas básicas comunes y cada cual se limita a aportar nuevos datos u opiniones sobre el tema. Podríamos decir, por lo tanto, que más que un debate, se trata de un coloquio. E) Respuesta libre.

- S8. Las nuevas tecnologías permiten que hoy en día las personas interesadas en un tema determinado puedan intercambiar información útil y opiniones personales en los foros digitales de periódicos y páginas web de divulgación cultural, científica y técnica. Este texto reproduce un debate en un foro de opinión del *Diario Vasco*. Lea atentamente las intervenciones de los participantes y responda las preguntas:

A) El tópico sobre el que se debate en este foro sería: "Aprovechamiento de la comida desechada en hogares y establecimientos comerciales (supermercados, restaurantes) en España". B) Participan dos personas. Cada una de ellas utiliza un sobrenombre o nick (Uriel y Salmon) y junto a ellos figura el día y la hora de participación en el foro. C) Uriel defiende que en España no hay conciencia sobre el aprovechamiento de alimentos desechados que aún pueden ser consumidos por personas con dificultades económicas y que deberían crearse mecanismos para mejorar esta situación. Salmon opina que nadie desperdicia comida por gusto, que se trata de un problema de mala gestión y que recuperar esa comida exige unas medidas de higiene y seguridad alimentaria que no todo el mundo conoce. D) Argumento sintomático: primera oración de la primera intervención de Uriel. Argumento causal: primer párrafo de la segunda intervención de Salmon. Argumento analógico: los dos últimos párrafos de la segunda intervención de Salmon. No figura ningún argumento de autoridad. E) Aparece una refutación evidente al final de la primera intervención de Salmon, cuando argumenta que resulta más barato regalar comida fresca que

aprovechar a ya procesada, porque el coste de aproveitamiento es aun mayor debido a las medidas de seguridad alimentaria que hay que implementar. F) La primera diferencia obvia es que este debate se realiza mediante lingua escrita y no oral. Las respuestas no se producen inmediatamente, hay horas o días entre cada intervención. Ello permite a los participantes reflexionar antes de publicar su siguiente comentario. En una exposición presencial, las respuestas deben ser inmediatas y requieren mayor agilidad argumentativa. Aparentemente este debate carece de moderador, aunque los foros de debate serios siempre disponen de una persona encargada de filtrar los comentarios para evitar faltas de cortesía y censurar aquellos que muestren opiniones ofensivas. En este tipo de debates tampoco participa ningún jurado. G) Aunque los dos participantes del foro se tratan de tú, sí se aprecia en la primera intervención de Salmon un tono de disculpa que atenúa la crítica que le va a hacer al otro participante. Asimismo, URIEL comienza su segunda intervención dándole la razón a su oponente, aunque sea para matizar y refutar parte de sus argumentos. H) Respuesta libre.

- S9. Investigue e indique a orixe destas palabras galegas. Clasifíqueas despois en tres grupos segundo a súa procedencia: linguas de substrato, lingua de estrato ou lingua de superestrato: *chave, talco, rodaballo, azucre, frecha, beizo, fariña, tregua, lousa, xastre, doenza, veiga, alcume, garda, terraza, banzo, azoute, dolmen, vereia*.

Léxico de substrato	Léxico de estrato (Latín)	Léxico de superestrato
<i>Rodaballo, lousa, doenza, veiga, dolmen.</i>	<i>Chave, fariña, xastre, vereia.</i>	<i>Talco, azucre, frecha, beizo, tregua, alcume, garda, terraza, banzo, azoute</i>

- S10. Relacione as palabras patrimoniais da columna esquerda coa palabra culta que lle corresponda da columna da dereita.

*Escoitar - auscultar, abella - apicultura, labrar - laboral, pobre - depauperado, igrexa - eclesial, peito - pectoral, temor - timorato, cadeira - cátedra, cheo - pleno, roda - rotación, descabezar - decapitar, chantar - plantar, boca - bucal, cidade - cívico, ceibe - célibe, loito - luctuoso, ollo - ocular, ceo - celestial, chave - clave, lago - lacustre, estado - estatal, mancha - mácula, saber - sapiencia, leite - lácteo, orella - auricular, primeiro - primario, segredo - secreto.*

- S11. Escriba dez palabras que pertencen á familia léxica de cada unha destas catro palabras: *auga, moito, noite, chuvia*, tendo en conta que parte delas poden derivarse da palabra culta correspondente.


*Familia léxica de auga: augada, augacento, augallada, auganeve, desaugar, acuario, acuarela, acuático, acuífero, acueduto.*

*Familia léxica de moito: moitísimo, múltiple, múltiplo, multiplicar, multitude, multinacional, multicolor, multimedia, multilateral, multiforme.*

*Familia léxica de noite: noitébrego, noitada, noitarega, noiteboa, noitevella, anoitecer, trasnoitar, nocturno, nocturnidade, noctámbulo.*

*Familia léxica de chuvia: chuvasco, chuvascada, chuvasqueiro, chuviñento, chuviñoso, chuvia, pluvial, pluviosidade, pluviómetro, impluvio.*

- S12. Sitúe nun mapa de Galicia as seguintes localidades e logo clasifique os seus topónimos segundo sexan de substrato, de estrato latino, de superestrato xermánico, de superestrato árabe: *Alfoz, Ourense, A Coruña, A Fonsagrada, Vigo, Cervantes, Bañobre, Rábade, Bergondo, Pedrafita, Bembibre, Cambre, Guitiriz, A Mezquita, Guntín, Ribadavia, Baamonde, Pontevedra, Forcarei, Sarria.*



Topónimos de substrato	Topónimos de estrato	Topónimos de superestrato
<i>A Coruña, Cervantes, Bañobre, Bembibre, Cambre, Sarria.</i>	<i>Ourense, A Fonsagrada, Vigo, Pedrafita, Ribadavia, Pontevedra.</i>	<i>Alfoz, Rábade, Bergondo, Guitiriz, Guntín, A Mezquita, Baamonde, Forcarei.</i>

- S13. Lea este texto do xeógrafo latino Estrabón e responda as preguntas.

A) O cabo Nerion correspóndese co actual cabo de Fisterra, que significa "o final da terra", e que os romanos lle puxeron porque pensaban que non había nada alén do océano Atlántico. B) O golfo ártabro correspóndese coas rías da Coruña, Betanzos, Ares e Ferrol. C) O río Limia pasa preto de Xinzo de Limia. O río Limia, ao seu paso pola comarca de Xinzo (Ourense), é tamén coñecido como Río do Esquecemento, ou río Lethes, que lle chamaban os romanos. Os antigos habitantes prerromanos dicían que a quen o cruzaba esquecíase todo. Cando as lexións romanas se achegaron á comarca da Limia cando invadiron Iberia, correu a voz entre as tropas do problema que ían ter se cruzaban o río. Segundo se di, negáronse a facelo e foi polo que un dos centurións tivo que armarse de valor e cruzalo primeiro para que o resto dos soldados se atrevesen a facelo. Hoxe en día, no concello de Xinzo de Limia, no verán, conmemoran esta lenda coa celebración da Festa do Esquecemento.

S14. Lea este texto e conteste as preguntas.

A) 1º **Parágrafo:** O galego era falado por todas as clases sociais na Idade Media ata a chegada ao poder da dinastía dos Trastámara. 2º **Parágrafo:** As loitas nobiliarias reforzaron o poder real da monarquía castelá. 3º **Parágrafo:** Os cortesáns galegos copian a fala dos criados que veñen dende Castela. 4º **Parágrafo:** A lei de 1480 obriga os escribáns a usar o castelán nos documentos. B) O terceiro parágrafo, cando se explica como o castelán dos criados reais comezou a ser imitado polo falantes galegos como lingua asociada ao poder político. C) A chegada ao trono de Castela, a súa intervención nas Guerras Irmandiñas e as leis promulgadas por eles, como a de 1480, que favorecían o uso do castelán nos documentos legais.

S15. Lea este parágrafo escrito por Martin Sarmiento e traducido ao galego. A continuación, reflexione sobre o seu contido e responda as cuestións seguintes.

A) As voces facultativas son o vocabulario castelán que o profesor usa nas aulas. B) O neno galego non as coñece porque ao seu redor todo o mundo e el mesmo fala galego, por iso Sarmiento as compara con espantallos, que lles producen medo e que retrasan o seu proceso de aprendizaxe. C) Sarmiento afirma que os mesmo profesores, de ser galegos, poida que tampouco entendan ben esas palabras e tras elas oculten a súa ignorancia diante dos alumnos. D) Os rapaces entre eles falan galego e axúdanse a entender o mundo na súa lingua propia. E) A tese que defende Frei Martin Sarmiento é que a educación debería ser impartida na lingua nai do alumnado, neste caso, o galego, xa que na lingua propia é na que mellor se desenvolve a súa aprendizaxe.

S16. Lea este texto sobre Rosalía de Castro que figura nunha páxina web educativa do *Departament d'Ensenyament da Generalitat de Catalunya*.

A) No texto Rosalía aparece adscrita ao movemento sociocultural e literario do Romanticismo. B) O poemario é "Cantares gallegos". C) Aínda que a resposta é aberta, o alumnado pode recuperar na súa memoria poemas rosalianos como "Has de cantar, meniña gaiteira", que abre Cantares gallegos, e outros poemas como "Nosa Señora da Barca", "Eu cantar, cantei" ou o poema "Xan" de Follas novas.

S17. Sobre un planisferio político en branco sombree todos os países que compoñen o mapa da lusofonía, rodee cun círculo os arquipélagos de fala portuguesa e sinale cun puntiño, aproximadamente, aqueles lugares onde se fala portugués.

Pideselle ao alumnado que reproduza nun mapa en branco outro semellante ao que aparece na seguinte ligazón:

<http://teiaportuguesa.tripod.com/manual/unidade12lusofonia/unidade12.htm/>

S18. Complete o nome dos países que compoñen o mapa da lusofonía no mapa interactivo que figura na seguinte ligazón.

A páxina interactiva corrixe os erros e ofrece as solucións.



- S19. Relacione cada palabra galega coa súa correspondente portuguesa coa axuda dun dicionario como o da ligazón. Teña en conta que sobran palabras no primeiro cadro xa que son idénticas nas dúas linguas.

*Xadrez, beirarúa / calzada, branco, folga / greve, manteiga, cueiro / faldra, crocodilo, século, xamón / presunto, cadela, saba / lençol, tren / comboio, forno.*

- S20. Faga un pequeno exercicio de investigación lingüística comparativa: Investigue como se chaman os días da semana en portugués e explique a razón deses nomes. De que dúas maneiras se poden mencionar os días da semana en galego? A que se deberá que no galego coexistan estes dous sistemas?

Días da semana en portugués	<i>Domingo, segunda-feira, terça-feira, quarta-feira, quinta-feira, sexta-feira, sábado.</i>
Días da semana en galego	<i>Segunda feira, terceira feira, cuarta feira, quinta feira, sexta feira, sábado, domingo. Luns, martes, mércores, xoves, venres, sábado, domingo.</i>

*Os nomes dos días da semana en case todas as linguas romances proveñen dos nomes dos planetas principais do Sistema solar e mais da lúa, agás o sábado, de procedencia hebrea e o domingo, que significa o día do Señor. O bispo de Braga, Martiño de Dumio considerou, na Idade Media, que durante a Semana Santa era ofensivo que os días se mencionasen con nomes de deuses da relixión pagá precristiá, polo que decidiu numeralos en orde, poñendo como principio da semana o día máis importante para a relixión cristiá, que é o domingo. O galego ten a dobre posibilidade de mencionar os días que non forman parte da fin de semana, xa que comparte co portugués unha orixe común, e tamén utiliza o xeito similar ao castelán de mencionalos cos seus nomes relacionados cos deuses/planetas.*

- S21. Escoite o podcast de RTVE sobre a cantante caboverdiana Cesaria Évora nesta ligazón <http://rtve.es/a/3145424>, e conteste as preguntas.

*A) Chamábase así porque saía descalza a cantar ao escenario en solidariedade coa xente pobre e para denunciar a súa situación desfavorecida. B) A morna é un xénero musical de Cabo Verde que se canta na lingua crioula caboverdiana. Tematicamente está moi relacionado co fado portugués, xa que o seu tema fundamental é a saudade, aínda que tamén recibe influencias da modinha brasileira e do lamento angolano. C) No refrán é doado comprender os versos "África miña, África nosa. Berce do mundo, continente fecundo".*

- S22. Intente ler o texto firmado por Aline Frazão no xornal dixital RedeAngola.info e comprobe a enorme semellanza entre o portugués estándar e o galego normativo.

*Resposta libre. Convén que o alumnado acuda a un dicionario de portugués para consultar os poucos termos que lle poidan resultar alleos ao galego.*



- S23. Identifique nas seguintes oracións redactadas en galego non normativo os diferentes trazos dialectais.

A) "Faguer" por facer e "eiquí" por aquí, e uso da 2º persona do singular "tu". B) "Mutas" por "moitas" e "caixois" por caixóns". C) A palabra meiga pronunciada con gheada. D) "Cheguín" por cheguei. E) Uso da 3º persoa do singular "il" e "explosiós" por explosións. F) Seseo nas formas verbais do verbo nacer. G) A palabra gato pronunciada con gheada e a forma feminina "irmán" por irmá. H) A palabra "muito" por moito, o diminutivo da palabra "guapín" e "irmao" en lugar de "irmán".

- S24. Que é un atlas lingüístico? Que son as isoglosas e para que serven?

Un atlas lingüístico está composto por un conxunto de mapas dun territorio que sinalan os diferentes trazos que presenta cada zona. Neste aparecen rodeadas cunhas liñas sinuosas chamadas isoglosas todos os lugares onde se produce un determinado fenómeno de lingua: pronuncia, léxico, trazos morfolóxicos etc. As isoglosas, polo tanto, marcan os límites entre as distintas realizacións dun mesmo fenómeno lingüístico.

- S25. Sinale en que bloque dialectal se pronunciarían cada unha destas palabras como aparecen aquí: *pantalois, sapato, camín, ghando, luita, curmao, camiós*.

"Pantalois", "camín", "luita" e "curmao" no bloque oriental. "Ghando" na metade oeste do bloque central e tamén no bloque occidental, "sapato", "luita" e "camiós" no bloque occidental.

- S26. escoite con atención estas dúas reportaxes da RTVG que aparecen nas seguintes ligazóns e responda as preguntas.

A) Os mozos e as rapazas reivindicán falar con gheada e con seseo. B) Os presentadores de ambas as dúas reportaxes afirman que nos rexistros culto e formal da lingua non se usa a pronuncia con gheada. C) Algúns dos entrevistados consideran que pronunciar con gheada é unha característica da fala popular que denota un baixo nivel educativo e pouco refinado. D) Segundo os lingüistas todas as variedades do galego son igual de válidas no uso da lingua oral. E) Paulino Novo explica que o rexistro estándar normativizado debe ser utilizado nos medios de comunicación e nas situacións institucionais. F) Xosé Luís Regueira sorpréndese de que moita xente que fala habitualmente galego na vida cotiá comeza a cometer erros e a introducir castelanismos e tempos verbais compostos nunha situación de fala en público, porque lles parece que así están a falar un "mellor" galego, cando sucede todo o contrario.

- S27. Responda estas preguntas: En que consiste o cheísmo? En que áreas dialectais se utiliza? En que consiste o teísmo? En que áreas dialectais se utiliza? Cal é o uso no galego normativo estándar deses dous pronomes?

A) O cheísmo é o fenómeno dialectal que se caracteriza pola ausencia do pronome átono "te" e polo emprego da forma "che" nas funcións de complemento directo e indirecto indistintamente. B) Este trazo é propio da área fisterrá do bloque occidental. C) O teísmo é o fenómeno inverso. Emprégase o pronome átono "te" para ambas as dúas funcións de complemento directo e indirecto. D) É unha característica propia da área do Baixo Miño do bloque occidental e da área zamorana do bloque oriental. E) A gramática galega establece que o pronome de complemento directo é "te" e o de complemento indirecto é "che".

- S28. Existe unha comarca estremeña, o Val do Elas, onde se fala unha variedade do galego moi particular que se denomina "a fala". Busque información sobre este tema e redacte un texto de entre 100 e 200 palabras que recolla as respostas a todas estas cuestións: a) En que poboacións está localizada escatamente esta variedade do galego? b) Cantos falantes ten aproximadamente na actualidade? c) Cando e como xurdiu esta fala en Estremadura? d) Que lingüistas desenvolveron estudos sobre esta variedade do galego? e) Cales son os seus trazos máis característicos? f) Como é a situación sociolingüística actual da "fala" do Val do Elas?

A fala de Estremadura, tamén coñecida como "fala de Xálima", "fala dos tres lugares" ou "valego", e "galego estremeño" polos partidarios da teoría sobre a relación entre a fala e a lingua galega; é unha variedade lingüística galego-portuguesa falada nos concellos de San Martiño de Trebello, Valverde do Fresno e As Elas, no Val de Xálima, no noroeste da provincia de Cáceres, en Estremadura. A maior parte dos lingüistas galegos trátana como unha variedade histórica do galego por consideraren que ten moito máis que ver coas falas galegas que co portugués estándar e pola súa orixe, xa que esta zona foi repoboada na época medieval da Reconquista por poboación de orixe galega. No Val hai uns 5.000 falantes destas tres falas, ademais como consecuencia da emigración hai uns 3.000 nados no val que viven fóra e que manteñen un uso familiar da fala reforzado por pasaren o período estival no val moitos deles. A fala é a lingua habitual da poboación, coa excepción dos funcionarios, Garda Civil e outra xente nada fóra do Val. Non hai perda lingüística entre as xeracións máis novas, aínda que Valverde se amosa como o concello máis castelanizado. As primeiras referencias filolóxicas coñecidas sobre a fala realizáronas os lingüistas Fritz Krüger (1925) e Otto Fink (1929) ao estudar o castelán dialectal da zona, e o portugués José Leite de Vasconcelos fixo unha investigación máis polo miúdo (1929 e 1933), pero o primeiro investigador en referirse a esta fala como de orixe galega ao relacionala coa posible chegada de poboadores galegos á zona nos séculos XII e XII foi Lindley Cintra en 1959. Xosé Henrique Costas González e Francisco Xabier Frías Conde foron os lingüistas galegos que estudaron tamén esta variante do idioma.

- S29. A cal dos tres bloques pertence a localidade na que vive habitualmente? Sinala que características do seu bloque escoita con máis asiduidade ao seu redor.

Resposta libre

S30. Reflexione sobre a información achegada neste texto e conteste as preguntas.

A) O autor refírese ao prexuízo de asociar a pronuncia de trazos dialectais como a gheada ou o seseo co atraso, a falta de preparación intelectual dos falantes e ao galego como unha lingua circunscrita ao ámbito rural. B) Resposta libre. C) Hai xente que utiliza a gheada para darlle expresividade a certa expresións. Tamén hai persoas que asocian o uso da gheada cunha pronuncia máis auténtica da lingua galega. D) O profesor Fernández Rei constata que os alumnos non teñen problemas en utilizar a pronuncia con trazos dialectais en situacións formais, mentres que os profesores utilizan un galego con pronuncia normativa sen trazos dialectais. Esta diferenza pode deberse á asunción por parte das novas xeracións, xa educadas en galego dende pequenos, dos trazos dialectais da súa zona, mentres que os profesores utilizan o galego normativo, mesmo na pronuncia, xa que queren ofrecerse como modelo de galego estándar normalizado dende a súa posición docente. E) A idea central está expresada no terceiro párrafo cando di que "A consideración social cara a unha lingua ou a fenómenos dunha lingua pode cambiar se diminúen os prexuízos".

S31. Lea o seguinte relato de Sechu Sende, do seu libro *Made in Galiza*, e responda as preguntas que o acompañan.

A) O texto comeza en inglés, francés e castelán porque o relato é unha invitación a aprender galego para calquera persoa non falante desta lingua. Son tres das linguas máis faladas no mundo occidental, e as tres linguas que habitualmente estudan os alumnos de secundaria no sistema educativo galego. O texto cambia ao galego despois do parágrafo en que invita (en castelán) a perder o medo a ler en galego. B) O prexuízos que menciona implicitamente este texto son "o galego é unha lingua do rural" cando di que para falalo non é necesario ir vivir a unha aldea; o prexuízo de que "o galego é un sinal de ideoloxía política", cando di que non fai falta ser independentista para falalo; o prexuízo de que "o galego é sinal de descortesía", cando un dos interlocutores da persoa protagonista do relato se molesta ao escoitar que fala galego; e tamén o prexuízo de que para falar ben galego hai que falar o galego normativo ou telo como primeira lingua aprendida na casa coa familia, que se aprecia nos dous últimos comentarios da parte dialogada do texto. C) As dúas primeiras persoas amosan sorpresa porque debe parecerlles que aprender galego é un esforzo inútil ou un xesto de snobismo. As dúas seguintes persoas xa se mostran preocupadas, como se a iniciativa de aprender galego como segunda lingua fose unha especie de enfermidade ou de estigma social. O resto das reaccións quedaron explicadas na resposta anterior. A segunda parte do enunciado da pregunta require do/a alumno/a unha valoración persoal destas actitudes. D) O xogo das fotos que propón o autor pretende transmitir a idea de que ninguén cambia de identidade substancialmente por aprender a falar galego e comezar a utilizalo de xeito normalizado. Simplemente será unha persoa que sabe unha nova lingua e que poderá comunicarse mellor na súa vida cotiá con persoas de moitos outros lugares e, en especial, en Galicia. O recurso literario é a ironía ou o sarcasmo; que de xeito coloquial denominamos como "retranca", que é a habilidade para falar con segundas intencións, en especial cando se procura unha graza intencionada no que se di, segundo o dicionario da RAG.

## 5.2 Solucións das actividades complementarias

### ACTIVIDADES EN LINGUA GALEGA

- S32. Prepare unha exposición oral de aproximadamente dez minutos sobre o seguinte tema: "Historia e evolución da lingua galega dende as orixes ata o século XX".

*Resposta libre*

- S33. Organice un debate na aula acerca deste tema: "A dignidade e a igualdade das linguas". Un grupo ha de argumentar as súas ideas en favor do tema: todas as linguas son iguais en importancia e relevancia social, cultural e histórica. Outro grupo deberá argumentar a tese contraria: existen linguas máis importantes e relevantes que outras a nivel social, cultural e histórico.

*Resposta libre*

- S34. Lea o seguinte poema de Pedro Vázquez de Neira e responda as preguntas. Pode axudarse cos apartados de métrica e recursos literarios dos anexos de literatura.

*A) O poema está dedicado á morte da raíña Dona Margarida de Austria, publicado en 1612, no século XVII, na época dos Séculos Escuros. B) Polo seu molde métrico está composto en forma de soneto (dous cuartetos e dous tercetos), e trátase dunha elegía xa que é un texto que reflexiona sobre o sentido metafísico da vida e da morte con motivo do falecemento dunha persoa. C) O tópico expresado no último terceto é "o poder igualatorio da morte", é dicir, que a morte non distingue entre clases sociais pois trátase dun proceso que todos os seres humanos han de sufrir na fin da súa vida por igual. D) As palabras non normativas no galego actual serían: tredora (traidora), reina (raíña), oge (hoxe), carcome (consume), ergida (ergueita), donde (onde), nô (non), torçera (torcera), yguala (igual), baixos (baixos), poo (po), bento (vento). Ademais pode sinalarse que no galego normativo non se acentúan os pronomes interrogativos e recoméndase non sinalar o principio das preguntas co signo de interrogación inicial.*

- S35. Este texto é o principio do primeiro discurso galego pronunciado nun mitin político por Manuel Lugo Freire. Reflexione sobre o seu contido e conteste as preguntas.

*A) O texto presenta o principio do discurso xa que se abre cun saúdo inicial, e as súas primeiras palabras serven de introdución ou presentación. B) Manuel Lugo Freire participou no movemento do rexionalismo, na segunda metade do século XIX. C) Lugo Freire quere pronunciar o seu discurso en galego porque sabe que nesa lingua o seu público vaino entender moito mellor por estar dito na súa propia lingua nai. D) Lugo Freire quere demostrar que os prexuízos expresados polo xornal que criticaba o feito de pronunciar un discurso político en galego carecen por completo de fundamento. E) A cidade da Coruña, cuxo topónimo oficial é A Coruña, co artigo*

feminino singular diante en galego, adoptou oficialmente esta nomenclatura segundo o Decreto 189/2003 do 6 de febreiro, publicado no D.O.G. do 25 de marzo dese mesmo ano 2003. F) O léxico non normativo que presenta este texto compóñeno esta listaxe de palabras: atrevimento (atrevemento), ridente (riseiro), gallega (galega), pra (para), bon (bo), aprendimos (aprendemos), querendosa (agarimosa), libertá (liberdade).

## ACTIVIDADES EN LENGUA CASTELLANA

- S36. Consulte un diccionario etimolóxico o el diccionario en línea de la RAE y clasifique las palabras de esta lista según su procedencia de lenguas de sustrato prerromano, de superestrato germánico o de superestrato árabe: *perro, almirez, guijarro, rueca, sandía, azafrán, ganso, braga, zanahoria, espía, álgebra, barro, galardón, yelmo, alcalde, cifra, cerro, guisar, rico, jarabe.*

Léxico de sustrato	Léxico de superestrato germánico	Léxico de superestrato árabe
<i>Perro, guijarro, braga, barro, cerro.</i>	<i>Rueca, ganso, espía, galardón, yelmo, guisar, rico.</i>	<i>Almirez, sandía, azafrán, zanahoria, álgebra, alcalde, cifra, jarabe.</i>

- S37. Investigue el origen de los siguientes topónimos españoles y señale cuál es su gentilicio correspondiente: *Málaga, Alicante, León, Segovia, Zaragoza, Badajoz, Cádiz, Burgos, Ceuta, Navarra.*

*Málaga procede del nombre original fenicio "Malaka", de ahí que sus habitantes se pueden denominar como malagueño/as o malacitano/as. Alicante es un topónimo de origen árabe y su gentilicio es alicantino/a. León procede de la palabra latina "legio" (legión), ya que la ciudad nació del campamento estable de la Legio VI Victrix, su gentilicio es leonés/esa. El topónimo de Segovia tiene un origen prerromano, como el de otras poblaciones con el prefijo prerromano "seg-" que significaba victoria; su gentilicio es segoviano/a. Zaragoza es la evolución del nombre romano original "Caesar Augusta"; por eso sus gentilicios son zaragozano/a o cesaraugustano/a. Badajoz también tiene su origen en su nombre romano, "Pax Augusta" y sus gentilicios son badajocense, badajoceno/a o pacense. Cádiz también fue fundada por los fenicios y su nombre original era "Gadir", por ello su gentilicio más común es gaditano/a. Burgos es un topónimo de origen germánico y su gentilicio es burgalés/a. Ceuta es un nombre de origen árabe y su gentilicio es ceutí. Navarra procede del vasco y su gentilicio coincide con el sustantivo, pero en minúscula, navarro/a.*

- S38. Consulte el diccionario y localice el étimo original latino de estos dobles lingüísticos, anote luego la definición de cada pareja de palabras y compare esos significados: *cobijo/ cubículo, dedo/dígito, delgado/delicado, habla/fábula, hastío/fastidio, llaga/plaga, llamar/clamar, palabra/parábola, sello/sigilo, sobrar/superar.*

*Cobijo/cubículo < CUBICULUM, dedo/dígito < DIGITUM, delgado/delicado < DELICATUM, habla/fábula < FABULAM, hastío/fastidio < FASTIDIUM, llaga/plaga < PLAGAM, llamar/clamar < CLAMARE, palabra/parábola < PARABOLAM, sello/sigilo < SIGILLUM, sobrar/superar < SUPERARE.*

- S39. Relacione las palabras de las tres columnas: en la primera aparece el étimo latino, en la segunda la palabra patrimonial y en la tercera el cultismo o semicultismo.

*Annum > año/anual, pedem < pie/pedal, insulam > isla/insular, ferrum > hierro/férreo, mensem > mes/mensual, integrum > entero/integro, recitare > rezar/recitar, attonitum > tonto/atónito, operarium > obrero/operario, computare > contar/computar.*

- S40. Lea tentamente este texto y realice las actividades propuestas a continuación.

*A) Los científicos del siglo XIX creyeron que los aborígenes australianos eran el eslabón perdido entre el mono y el hombre. Hoy en día sabemos que todos los seres humanos de cualquier rincón del planeta pertenecemos exactamente a la misma especie (Homo Sapiens Sapiens) y lo sabemos porque nuestros conocimientos antropológicos son mucho más exactos que los que había el siglo pasado. Una vez aceptado esto, todavía hay quienes piensan que, a pesar de todo, los aborígenes australianos o de otros lugares de nuestro planeta son inferiores culturalmente a nosotros y esto se refleja en que sus lenguas son menos complejas, flexibles, ricas y potentes que las nuestras. Se sabe que el ser humano habita Australia desde hace por lo menos sesenta mil años y que ha estado prácticamente aislado en ese continente hasta el siglo pasado. Por ello, se puede decir sin temor a equivocarse que los aborígenes australianos están entre los pueblos más antiguos de la tierra. El estudio científico de las lenguas indígenas australianas se ha producido a mediados de este mismo siglo. Las lenguas autóctonas australianas que se han descrito hasta la fecha presentan una estructura de un grado de complejidad fonética, morfológica, sintáctica y semántica del todo equiparable al de nuestras lenguas europeas.*

*B) 1. Los científicos del XIX creían que los aborígenes australianos eran inferiores a nosotros.*

*1.1. Creían que sus lenguas eran también más simples que las nuestras.*

*2. Hoy en día sabemos que ninguna de esas afirmaciones son ciertas porque:*

*2.1. Todos los humanos procedemos de la misma especie común.*

*2.2. El análisis de las lenguas aborígenes demostró que son igual de complejas que las nuestras.*

*C) La lengua aborígen australiana tiene el mismo nivel de complejidad que la nuestra. D) El grado de importancia de una lengua no ha de medirse con criterios lingüísticos, ni han de juzgarse las lenguas en base a prejuicios sin fundamento. E) Las citas «esa lengua es muy difícil», «esa lengua es más perfecta que ésta» pueden relacionarse con el prejuicio de que el gallego normativo es una lengua artificial: Los comentarios «aquella lengua no es útil», «aquella lengua no es de cultura», «esta lengua es más apta para la literatura que aquella otra», «esa lengua es poco apta para la poesía o el amor» o «esa lengua es léxicamente más rica que ésta» se apoyan en prejuicios similares a la falsa creencia de que el gallego es una lengua rural, poco apta para la cultura y la ciencia. Por último, los prejuicios expresados en la oración «esa lengua no es de comunicación» conecta con la idea arbitraria de que el gallego carece de proyección internacional. E) Respuesta libre.*

## 6. Bibliografía e recursos

---

### Bibliografía

BONORINO RAMÍREZ, P. R. (coord.): *El debate en el aula*, Universidade de Vigo, 2016.

FERNÁNDEZ DE LA TORRIENTE, Gastón, *Cómo hablar correctamente en público*, editorial Playor, 1988.

FERNÁNDEZ REI, Francisco: *Dialectoloxía da lingua galega*, Xerais, 1991.

MARIÑO PAZ, Ramón: *Historia da lingua galega*, Sotelo Blanco, 1998.

MONTEAGUDO, Henrique (ed.): *Estudios de sociolingüística galega. Sobre a norma do galego culto*, Galaxia, 1995.

MORENO CABRERA, Juan Carlos, *El universo de las lenguas*, Castalia, 2003.

RODRÍGUEZ SÁNCHEZ, Francisco: *Conflicto lingüístico e ideoloxía na Galiza*, Laivento, 2015.

TUSÓN, Jesús, *Mal de linguas: arredor dos prexuizos lingüísticos*, Edicións Positivas, 1990.

VILA SANTASUSANA, Montserrat & CASTELLÁ, Josep M, *10 ideas clave. Enseñar la competencia oral en clase. Aprender a hablar en público*, editorial Graó, 2014.

ZUCCHERINI, Renzo, *Cómo educar la comunicación oral*, Ceac, 1992.

### Ligazóns de Internet

- <http://academia.gal/diccionario/>
- <http://dle.rae.es/?w=diccionario>
- <http://www.crtvg.es/>
- <http://www.rtve.es/>

## 7. Anexo. Licenza de recursos

### Licenzas de recursos utilizadas nesta unidade didáctica

RECURSO	DATOS DO RECURSO	RECURSO	DATOS DO RECURSO
 <p>RECURSO 1</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Autoría: Alexandre Vigo</li> <li>Licenza: Wikimedia Commons</li> <li>Procedencia: <a href="https://commons.wikimedia.org/wiki/File:Gallaecia-Diocleianus.png">https://commons.wikimedia.org/wiki/File:Gallaecia-Diocleianus.png</a></li> </ul>	 <p>RECURSO 2</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Autoría: Alexandre Vigo</li> <li>Licenza: Wikimedia Commons</li> <li>Procedencia: <a href="https://commons.wikimedia.org/wiki/File%3AEvoluci%C3%B3n_ling%C3%BC%C3%ADstica.gif">https://commons.wikimedia.org/wiki/File%3AEvoluci%C3%B3n_ling%C3%BC%C3%ADstica.gif</a></li> </ul>
 <p>RECURSO 3</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Autoría: Xosé Calvo</li> <li>Licenza: Public domain</li> <li>Procedencia: <a href="https://gl.wikipedia.org/wiki/Ficheiro:MapaLinguisticoGalego.png">https://gl.wikipedia.org/wiki/Ficheiro:MapaLinguisticoGalego.png</a></li> </ul>	<p>Ligazóns á Corporación Radio e Televisión de Galicia</p> <p>RECURSO 4</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Autoría: CRTVG</li> <li>Licenza: <a href="http://www.crtvg.es/aviso-legal">http://www.crtvg.es/aviso-legal</a></li> <li>Procedencia: <a href="http://www.crtvg.es">http://www.crtvg.es</a></li> </ul>
<p>Enlaces a Radiotelevisión española</p> <p>RECURSO 5</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Autoría: RTVE</li> <li>Licenza: <a href="http://www.rtve.es/comunes/aviso_legal.html">http://www.rtve.es/comunes/aviso_legal.html</a></li> <li>Procedencia: <a href="http://www.rtve.es">http://www.rtve.es</a></li> </ul>		